

ACTA NÚM. 19 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2016.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **9:35 horas** do día **30 de novembro de 2016**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria urxente.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **interventora xeral do concello.**

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste a concelleira, Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.

ORDE DO DÍA:

1. Ratificación da urxencia da convocatoria.

2. Expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito do orzamento do ano 2016: 2016-SUPLE-03.

3. Aprobación do expediente de suplemento de crédito nº 2016-SUPLE-02 con base no superávit orzamentario consolidado do concello aínda non aplicado do ano 2015 e con destino á amortización de operacións de endebedamento vixentes e outras aplicacións de carácter obrigatorio en cumprimento do establecido no artigo 32 da LOEP e disp. adicional 16^a do TRLFL 2/2004, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do ano 2015 por importe de 1.253.649,56 euros.

O Sr. Alcalde, di que para ordenar o debate vaise dar comezo a esta sesión extraordinaria urxente, para a que estaban convocados hoxe as 9.30 horas, despois da celebración da Comisión informativa que tivo lugar previamente, e segundo o falado na mesma, como faltaría un cuarto punto na orde do día desta sesión que sería “Aprobar o expediente de crédito extraordinario núm. 1 e suplemento de crédito núms. 1 e 2 do Auditorio de Galicia, e como consecuencia dos debates producidos no seno da Comisión, acordouse someter este punto que se mencionou a unha posterior sesión plenaria e máis a urxencia da devandita sesión.

Prosegue a dicir que se vai dar un único debate de todos os puntos de ambas sesións.

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

O Pleno da Corporación por 10 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal

de Compostela Aberta, e 13 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (8 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), ratifica a urxencia da convocatoria da presente sesión.

2. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO DO ORZAMENTO DO ANO 2016: 2016-SUPLE-03.

O informe-proposta emitido polo técnico da oficina de orzamentos, con data 28 de novembro de 2016, e que trae o conforme da concelleira delegada de economía e facenda, en relación ao presente asunto, ten o seguinte contido:

“De conformidade co establecido no artigo 37.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, redáctase a presente memoria xustificativa da necesidade de aprobación dun expediente de modificación de créditos na modalidade de Suplemento de Crédito motivados nos seguintes asuntos que se pasan a detallar.

Asunto 1: SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA HABILITACIÓN ORZAMENTARIA NA APLICACIÓN 030/01100/91300 PARA AMORTIZACIÓN ANTICIPADA DE DÉBEDA DO CONCELLO FINANCIADO CO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DO ANO 2016 (EN ADIANTE PAI 2016).

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

A Xunta de Goberno Local de 18 de marzo de 2016 acordou, a proposta da Concelleira delegada de Economía e Facenda, solicitar a participación do Concello de Santiago no PAI 2016 da Deputación Provincial da Coruña co obxecto de aproveitar as vantaxes económicas deste programa da Deputación para amortizar anticipadamente un préstamo vixente do Concello que tiña concertado desde o 11/02/2000 coa entidade financeira ABANCA, por unha contía de 494.403,29 €.

Con data de 13 de xullo de 2016 recibíuse circular da Deputación Provincial comunicando que con data valor de 6 de xullo de 2016 fíxose efectiva a concesión do préstamo solicitado baixo o programa PAI 2016.

O importe da modificación orzamentaria proposta é un suplemento de crédito de **CATROCENTOS NOVENTA E CATRO MIL CATROCENTOS TRES EUROS, CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (494.403,29 €)** co obxecto de habilitar de crédito na aplicación orzamentaria 030/01100/91300 para dar cobertura a amortización anticipada da débeda recollida no Estado de Débeda actual do Concello formalizada no préstamo de ABANCA baixo o código de préstamo 388-3-6.

Achégase como documentación anexa, copia do acordo da Xunta de Goberno Local onde se acordou aprobar a solicitude de participación do Concello no PAI 2016 e copia da circular recibida da Deputación Provincial da Coruña de concesión do préstamo de 494.403,29 €.

Esta clase de modificación orzamentaria encóntrase regulada nos artigos 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de abril, así como nas Bases 12ª e 13ª das de execución do Orzamento vixente.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “O expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que terá que financiar o aumento que se propón”.

Neste caso concreto, o financiamento procede da operación de préstamo formalizada coa Deputación Provincial baixo o seu plan PAI 2016 por unha contía de 494.403,29 € coas seguintes condicións beneficiosas para o Concello de Santiago:

- Sen xuros
- Con dous anos de carencia
- Cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2018, nos meses de xuño e novembro.

A aplicación orzamentaria de ingreso que recolle os fondos procedentes da operación de préstamo concertado coa Deputación Provincial é 91100.

PROPOSTA

Logo de ver que o Concello de Santiago concedéuselle unha nova operación de préstamo de importe 494.403,29 € por parte da Deputación Provincial da Coruña baixo o seu plan PAI 2016 co obxecto de amortizar operacións de débeda vivas do Concello en situación de condicións económicas menos beneficiosas as recibidas pola nova operación de préstamo concertada.

Considerando que o préstamo a amortizar anticipadamente polo Concello que resulta máis beneficioso é o formalizado no seu momento coa entidade financeira ABANCA en data de 11/02/2000 recollido baixo o código 388-3-6.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do Expediente de Modificación de Créditos mediante Suplemento de Crédito

do Orzamento municipal do ano 2016 baixo o número de referencia **2016-SUPLE-03**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 030/01100/91300 por un importe de 494.403,29 euros co obxecto de amortizar anticipadamente o préstamo de ABANCA co código 388-3-6 financiado cos fondos procedentes da nova operación de préstamo formalizada coa Deputación Provincial da Coruña baixo o seu plan PAI 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE INGRESO	IMPORTE
Habilitación de crédito para amortización anticipada de débeda do Concello (préstamo de ABANCA formalizado o 11/02/2000 co código 388-3-6)	030 01100 91300	494.403,29	SC	Financiamento procedente da concesión do préstamo da Deputación Provincial da Coruña baixo o programa do Plan de Aforro e Investimento (PAI)	91100	494.403,29
GASTO CAPÍTULO 9		494.403,29	INGRESO CAPÍTULO 9			494.403,29

Asunto 2: SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA HABILITACIÓN ORZAMENTARIA NA APLICACIÓN 040/33000/41000 POR IMPORTE DE 80.000,00 EUROS PARA DAR COBERTURA ÁS NECESIDADES COMUNICADAS POLO AUDITORIO DE GALICIA.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

O organismo autónomo Auditorio de Galicia traslada á Concelleira delegada de Economía e Facenda a necesidade de crédito para facer fronte a compromisos de gasto asumidos no ano 2015 pero cuxas facturas tiveron entrada neste exercicio 2016 sen contar con crédito asignado neste ano para poder asumilas. O déficit detectado cuantifícase en 80.000,00 euros.

O importe da modificación orzamentaria proposta e un suplemento de crédito de **OITENTA MIL EUROS (80.000,00 €)** co obxecto de habilitar de crédito na aplicación orzamentaria 040/33000/41000 para dar cobertura ao pagamento de facturas neste exercicio económico de servizos recibidos, sen que poida demorarse ao próximo por se tratar dunha obriga derivada dun compromiso de gasto adquirido en exercicios anteriores realizado a prezos de mercado no seu día, para os que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable o consignado no Orzamento do Auditorio de Galicia do exercicio 2016.

Achégase como documentación anexa, comunicación da xerencia do Auditorio de Galicia solicitando unha achega de fondos ao Auditorio de Galicia para facer fronte ás necesidades de crédito detectadas.

Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL:

“Cando haxa de realizarse algún gasto que non poda demorarse ata o exercicio seguinte (...) ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de (...) suplemento de crédito (...)”.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “O expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que terá que financiar o aumento que se propón”.

Como recurso que financia este incremento, o parágrafo seguinte do artigo 177.4 e o artigo 36.1.c) do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala como medio ou posible recurso a utilizar polas Corporacións as anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Neste sentido, os recursos que van permitir o financiamento desta modificación orzamentaria proceden da baixa nas seguintes aplicacións orzamentarias de gasto que contan con crédito dispoñible neste exercicio económico e que contan co visto bo dos Concelleiros delegados responsables da diferentes áreas afectadas:

-Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 030 01100 31000 nun importe de 40.000,00 € procedente dos aforros detectados na execución orzamentaria deste ano dos intereses consignados no Estado da Débeda do Concello.

-Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 24100 22606 nun importe de 24.704,00 € procedente do crédito dispoñible nesta aplicación con motivo da imposibilidade de executar neste ano 2016 as actuacións do programa europeo EDUSI previstas e consignadas no orzamento municipal. Neste caso concreto, os recursos proceden da posta a disposición como crédito dispoñible da achega municipal do 20% dos proxectos previstos nesta actuación para a Concellería delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo.

-Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 020 23100 22699 nun importe de 15.296,00 € procedente do crédito dispoñible nesta aplicación con motivo da imposibilidade de executar neste ano 2016 as actuacións do programa europeo EDUSI previstas e consignadas no orzamento municipal. Neste caso concreto, os recursos proceden da posta a disposición como crédito dispoñible da achega municipal do 20% dos proxectos previstos nesta actuación para a Concellería delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde.

Achégase como documentación anexa a este expediente, copia da resolución da Concelleira delegada de Economía e Facenda de data 25 de novembro de 2016 onde se acorda poñer como recurso dispoñible para o orzamento municipal deste ano 2016 o 20% de achega municipal correspondente ás diferentes accións do EDUSI recollidas no orzamento municipal deste ano.

PROPOSTA

Logo de ver a necesidade de crédito comunicada polo organismo autónomo Auditorio de Galicia cuantificada en 80.000,00 € co obxecto de dar cobertura ao pagamento de facturas neste exercicio económico de servizos recibidos sen que poida demorarse ao próximo por se tratar dunha obriga derivada dun compromiso de gasto adquirido en exercicios anteriores realizado a prezos de mercado no seu día, para os que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable o consignado no Orzamento do Auditorio de Galicia do exercicio 2016.

Considerando de que o Concello de Santiago dispón de crédito dispoñible no seu orzamento de gastos do ano 2016 para facer fronte a esta modificación orzamentaria, modalidade suplemento de crédito, a través da baixa por anulación de tres aplicacións do seu orzamento vixente non comprometidas.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do Expediente de Modificación de Créditos mediante Suplemento de Crédito do Orzamento municipal do ano 2016 baixo o número dereferencia **2016-SUPLE-03**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

Habilitación de suplemento de crédito ao organismo autónomo Auditorio de Galicia a través da aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 040/33000/41000 por un importe de 80.000,00 euros co obxecto de para dar cobertura ao pagamento de facturas neste exercicio económico de servizos recibidos, sen que poida demorarse ao próximo por se tratar de obrigas derivada de compromisos de gasto adquiridos en exercicios anteriores realizado a prezos de

mercado no seu día, para os que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable o consignado no Orzamento do Auditorio de Galicia do exercicio 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO QUE RECIBE CRÉDITO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	BAIXA DE CRÉDITO DISPONIBLE NAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE GASTO	IMPORTE
Necesidade de crédito para gasto corrente de Auditorio de Galicia	040 33000 41000	80.000,00	SC	Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 030 01100 31000 nun importe de 40.000,00 €	070 01100 31000	40.000,00
				Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 24100 22606 nun importe de 24.704,00 € (achega mpal. do EDUSI)	070 24100 22606	24.704,00
				Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 020 23100 22699 nun importe de 15.296,00 € (achega mpal. do EDUSI)	020 23100 22699	15.296,00
GASTO CAPÍTULO 4		80.000,00		BAIXAS DE CRÉDITO DISPONIBLE EN APLICACIÓNS DE GASTO		80.000,00

Asunto 3: SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA HABILITACIÓN ORZAMENTARIA NA APLICACIÓN 060/44110/47900 POR IMPORTE DE 143.500,50 EUROS PARA DAR COBERTURA ÁS NECESIDADES DE CRÉDITO COMUNICADAS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO SEU INFORME DE FISCALIZACIÓN 333/2016 RELATIVAS ÁS LIQUIDACIÓNS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIAXEIROS DO ANO 2015 DAS EMPRESAS “HERMANOS FERRÍN” E “AUTOS GRABANXA”.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

No informe de fiscalización da Interventora Xeral nº 333/2016 de 23 de maio de 2016 comunícase a inexistencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 060/44110/47900 no orzamento vixente do Concello para facer fronte ás liquidacións recibidas do ano 2015 pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros das empresas “Hermanos Ferrín” e “Autos Grabanxa”. O déficit detectado cuantifícase en 143.500,50 euros.

Neste sentido, se ben o orzamento do ano 2015 se dispuña de crédito para facer fronte a estas liquidacións, a entrada destas propostas e a súa aprobación produciuse no ano 2016 sen contar con crédito consignado no orzamento xeral do Concello neste exercicio económico. Ao mesmo tempo, o posible crédito dispoñible nesta aplicación viuse minorado por ter que asumir o Concello o pagamento da sentenza 394/2015 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago recaída a favor da UTE Autobuses urbanos de Lugo y TRAP S.A. por unha contía de 135.589,50 euros en relación á liquidación do transporte urbano do ano 2008.

O importe da modificación orzamentaria proposta e un suplemento de crédito de **CENTO CORENTA E TRES MIL CINCOCENTOS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS DE EURO (143.500,50 €)** co obxecto de habilitar de crédito na aplicación orzamentaria 060/44110/47900 para dar cobertura ao pagamento das liquidación recibidas do ano 2015 pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros das empresas “Hermanos Ferrín” e “Autos Grabanxa”, sen que poida demorarse o seu pagamento ao próximo exercicio por se tratar dunha obriga derivada dun compromiso de gasto adquirido en exercicios anteriores realizado a prezos de mercado no seu día, para os que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable o consignado no Orzamento xeral do Concello do exercicio 2016.

Achégase como documentación anexa, informe da intervención 333/2016 onde se informa da inexistencia de crédito e copia das liquidacións das empresas Hermanos Ferrín, de importe 80.396,53 euros, e Autos Grabanxa, de importe 63.103,97 euros.

Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL:

“Cando haxa de realizarse algún gasto que non poda demorarse ata o exercicio seguinte (...) ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de (...) suplemento de crédito (...)”.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “O expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que terá que financiar o aumento que se propón”.

Como recurso que financia este incremento, o parágrafo seguinte do artigo 177.4 e o artigo 36.1.c) do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala como medio ou posible recurso a utilizar polas Corporacións as anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Neste sentido, os recursos que van permitir o financiamento desta modificación orzamentaria proceden da baixa nas seguintes aplicacións orzamentarias de gasto que contan con crédito dispoñible neste exercicio económico e que contan co visto bo dos Concelleiros delegados responsables das diferentes áreas afectadas:

-Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 030 93100 22706 nun importe de 70.000,00 € procedente do crédito dispoñible na aplicación que recolle a reserva de crédito para facer fronte ao contrato de “Traballos de actualización do Catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións (CON/10/2014). Neste sentido, achégase informe de 14 de outubro de xefe de sección de Catastro e Censos co conforme do Tesoureiro municipal, onde se pon de manifesto que tendo en conta o grao actual de execución deste contrato e as previsións de traballo pendentes de executar no ano 2016, estaríase en condicións de dispor dun crédito de 70.000,00 euros para dar cobertura a outros proxectos ou necesidades detectadas pola Concellería. Cabe neste punto dicir, que o contrato sobre o que se quere minorar a anualidade prevista como consignación orzamentaria aprobada para o ano 2016 fai referencia a un prezo individual (42,50 € IVE incluído) por cada inmovible urbano ou rústico que se pretenda actualizar, polo que, con base ás previsións de traballo previstas pola Tesourería municipal é factible a súa minoración.

-Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 060 13300 22701 nun importe de 73.500,50 € procedente do crédito dispoñible nesta aplicación con motivo do reaxuste de anualidades producido no contrato de prestación de servizos de “Conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo”.

Achégase como documentación anexa a este expediente, informe de 14 de outubro de xefe de sección de Catastro e Censos co conforme do Tesoureiro municipal, onde se pon de manifesto que tendo en conta o grao actual de execución deste contrato e as previsións de traballo pendentes de executar no ano 2016, estaríase en condicións de dispor dun crédito de 70.000,00 euros para dar cobertura a outros proxectos ou necesidades detectadas pola Concellería.

PROPOSTA

Logo de ver o informe de fiscalización da Interventora Xeral nº 333/2016 onde se pon de manifesto a inexistencia de crédito cuantificada en 143.500,50 € na aplicación 060/44110/47900 no orzamento vixente do Concello para facer fronte ás liquidación recibidas do ano 2015 pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros das empresas “Hermanos Ferrín” e “Autos Grabanxa”.

Considerando de que o Concello de Santiago dispón de crédito dispoñible no seu orzamento de gastos do ano 2016 para facer fronte a esta modificación orzamentaria, modalidade suplemento de crédito, a través da baixa por anulación de dúas aplicacións do seu orzamento vixente non comprometidas.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do Expediente de Modificación de Créditos mediante Suplemento de Crédito do Orzamento municipal do ano 2016 baixo o número de referencia **2016-SUPLE-03**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 060/44110/47900 por un importe de 143.500,50 euros co obxecto de dar cobertura ao pagamento das liquidación recibidas do ano 2015 pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros das empresas “Hermanos Ferrín” e “Autos Grabanxa”, sen que poida demorarse o seu pagamento ao próximo exercicio por se tratar dunha obriga derivada dun compromiso de gasto adquirido en exercicios anteriores realizado a prezos de mercado no seu día, para os que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable o consignado no Orzamento xeral do Concello do exercicio 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO QUE RECIBE CRÉDITO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	BAIXA DE CRÉDITO DISPONIBLE NAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE GASTO	IMPORTE
Liquidacións ano 2015 das empresas "Hermanos Ferrín" e "Autos Grabanxa" en relación á prestación do servizo de Transporte colectivo urbano de viaxeiros sen consignación de crédito no exercicio 2016, correspondente ao CX 10	060 44110 47900	143.500,50	SC	Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 030 93100 22706 nun importe de 70.000,00 €	030 93100 22706	70.000,00
				Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 060 13300 22701 por 73.500,00 €	060 13300 22701	73.500,50
GASTO CAPÍTULO 4		143.500,50		BAIXAS DE CRÉDITO DISPONIBLE EN APLICACIÓNS DE GASTO		143.500,50

Asunto 4: SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA HABILITACIÓN ORZAMENTARIA NA APLICACIÓN 010/92000/22604 POR IMPORTE DE 112.381,69 EUROS PARA DAR COBERTURA AO PAGAMENTO DA SENTENZA FIRME Nº 11/2016 (P.O. 212/2015) DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE SANTIAGO DE 8 DE MARZO DE 2016 (REXISTRO DE ENTRADA DO CONCELLO Nº 12353 DE 11/03/2016) RECAÍDA A FAVOR DO LETRADO CARLOS GONZÁLEZ-CONCHEIRO ÁLVAREZ.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Desde a asesoría xurídica comunícase á Concelleira delegada de Economía e Facenda a inexistencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 010/92000/22604 no orzamento vixente do Concello para facer fronte ao pagamento da sentenza estimatoria firme de 8 de marzo de 2016 (registro de entrada no Concello nº 12353 de 11/03/2016) nº 11/2016 (P.O. 212/2015) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago recaída a favor do letrado Carlos González-Concheiro Álvarez. A sentenza anula os decretos do Concelleiro delegado de Facenda do Concello de Santiago de Compostela de data 9 de febreiro de 2015 onde se acorda non admitir e devolver as facturas 3/14, 4/14 e 7/14 dos servizos profesionais prestados polo demandante ao Concello.

As facturas teñen a seguinte correspondencia:

-Factura 3/14 de 20 de febreiro de 2014 de importe, IVE incluído, de 23.956,83 euros, correspondentes aos servizos profesionais prestados como letrado do Concello no xuízo ordinario 224/2010 (Xulgado de 1ª instancia nº 6 de Santiago) con encomenda da Xunta de Goberno Local de 27 de abril de 2014 sen existir contrato de asistencia xurídica en vigor. En relación a esta reclamación, a sentenza condena ao Concello a que abone os honorarios do servizo prestado cun límite de **18.900,00 euros** máis os intereses correspondentes.

-Factura 4/14 de 20 de febreiro de 2014 de importe, IVE incluído, de 49.577,43 euros, correspondentes aos servizos profesionais prestados como letrado do Concello nos procedementos ordinarios 238/2007 e 297/2007 acumulados seguidos no Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago e o recurso de apelación 4307/2009 seguido ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con encomenda da Xunta de Goberno Local e existindo contrato de asistencia xurídica en vigor. En relación a esta reclamación, a sentenza condena ao Concello a que abone os honorarios do servizo prestado recoñecidos na factura emitida de importe **49.577,43 euros** máis os intereses correspondentes.

-Factura 7/14 de 5 de marzo de 2014 de importe, IVE incluído, de 43.904,26 euros, correspondentes aos servizos profesionais prestados como letrado do Concello no procedemento ordinario 251/2007 seguido no Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago e o recurso de apelación 4307/2009 seguido ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con encomenda da Xunta de Goberno Local e existindo contrato de asistencia xurídica en vigor. En relación a esta reclamación, a sentenza condena ao Concello a que abone os honorarios do servizo prestado recoñecidos na factura emitida de importe **43.904,26 euros** máis os intereses correspondentes..

O importe da modificación orzamentaria proposta e un suplemento de crédito de **CENTO DOCE MIL TRESCENTOS OITENTA E UN EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (112.381,69 €)** co obxecto de habilitar de crédito na aplicación orzamentaria 010/92000/22604 para dar cobertura ao pagamento da sentenza estimatoria firme de 8 de marzo de 2016 (rexistro de entrada no Concello nº 12353 de 11/03/2016) nº 11/2016 (P.O. 212/2015) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago recaída a favor do letrado Carlos González-Concheiro Álvarez, sen que poida demorarse o seu pagamento ao próximo exercicio por se tratar dunha obriga derivada da execución dunha sentenza xudicial firme, para o que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable ao non teren consignación no Orzamento xeral do Concello do exercicio 2016.

Achégase como documentación anexa, copia da sentenza que xustifica a habilitación deste suplemento de crédito.

Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL:

“Cando haxa de realizarse algún gasto que non poda demorarse ata o exercicio seguinte (...) ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de (...) suplemento de crédito (...)”.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “O expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que terá que financiar o aumento que se propón”.

Como recurso que financia este incremento, o parágrafo seguinte do artigo 177.4 e o artigo 36.1.c) do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala como medio ou posible recurso a utilizar polas Corporacións as anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras

aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Neste sentido, os recursos que van permitir o financiamento desta modificación orzamentaria proceden da baixa nas seguintes aplicacións orzamentarias de gasto que contan con crédito dispoñible neste exercicio económico e que contan co visto bo dos Concelleiros delegados responsables das diferentes áreas afectadas:

-Aplicación do Fondo de Continxencia previsto no Orzamento Xeral do Concello do ano 2016 baixo a aplicación orzamentaria 030 92900 50000 de importe de 100.000,00 euros. Neste sentido, e seguindo o criterio establecido na base nº 19 das Bases de Execución do Orzamento 2016, este fondo destinarase, exclusivamente, a atender necesidades de carácter non discrecional e non previstas no orzamento inicialmente aprobado, non podendo imputarse directamente contra el ningún gasto.

No caso que nos ocupa, trátase dunha sentenza firme recaída neste ano 2016 polo que este crédito vaise utilizar para facer fronte a un gasto de carácter non discrecional e non previsto no orzamento do ano 2016.

-Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 23102 22699 nun importe de 4.000,00 euros procedente do crédito dispoñible nesta aplicación con motivo da imposibilidade de executar neste ano 2016 as actuacións do programa europeo EDUSI previstas e consignadas no orzamento municipal. Neste caso concreto, os recursos proceden da posta a disposición como crédito dispoñible da achega municipal do 20% dos proxectos previstos nesta actuación para a Concellería delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo.

-Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 23102 22706 nun importe de 1.053,69 euros procedente do crédito dispoñible nesta aplicación con motivo da imposibilidade de executar neste ano 2016 as actuacións do programa europeo EDUSI previstas e consignadas no orzamento municipal. Neste caso concreto, os recursos proceden da posta a disposición como crédito dispoñible da achega municipal do 20% dos proxectos previstos nesta actuación para a Concellería delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde.

-Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 24100 22606 nun importe de 7.328,00 euros procedente do crédito dispoñible nesta aplicación con motivo da imposibilidade de executar neste ano 2016 as actuacións do programa europeo EDUSI previstas e consignadas no orzamento municipal. Neste caso concreto, os recursos proceden da posta a disposición como crédito dispoñible da achega municipal do 20% dos proxectos previstos nesta actuación para a Concellería delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde.

Achégase como documentación anexa a este expediente, copia da resolución da Concelleira delegada de Economía e Facenda de data 25 de novembro de 2016 onde se acorda poñer como recurso dispoñible para o orzamento municipal deste ano 2016 o 20% de achega municipal correspondente ás diferentes accións do EDUSI recollidas no orzamento municipal deste ano.

PROPOSTA

Logo de ter recibida comunicación da asesoría xurídica do Concello da inexistencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 010/92000/22604 no orzamento vixente do Concello para facer fronte ao pagamento da sentenza estimatoria firme de 8 de marzo de 2016 (rexistro de entrada no Concello nº 12353 de 11/03/2016) nº 11/2016 (P.O. 212/2015) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago recaída a favor do letrado Carlos González-Concheiro Álvarez cuantificada en 112.381,69 euros.

Considerando de que o Concello de Santiago dispón de crédito dispoñible no seu orzamento de gastos do ano 2016 para facer fronte a esta modificación orzamentaria, modalidade suplemento de crédito, a través da utilización do crédito recollido no seu Fondo de Continxencia e da baixa por anulación de tres aplicacións do seu orzamento vixente non comprometidas.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do Expediente de Modificación de Créditos mediante Suplemento de Crédito do Orzamento municipal do ano 2016 baixo o número de referencia **2016-SUPLE-03**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 010/92000/22604 por un importe de 112.381,69 euros co obxecto de dar cobertura ao pagamento da sentenza estimatoria firme de 8 de marzo de 2016 (rexistro de entrada no Concello nº 12353 de 11/03/2016) nº 11/2016 (P.O. 212/2015) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago recaída a favor do letrado Carlos González-Concheiro Álvarez, sen que poida demorarse o seu pagamento ao próximo exercicio por se tratar dunha obriga derivada da execución dunha sentenza xudicial firme, para o que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable ao non teren consignación no Orzamento xeral do Concello do exercicio 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO QUE RECIBE CRÉDITO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	BAIXA DE CRÉDITO DISPOÑIBLE NAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE GASTO	IMPORTE
Sentenza nº 11/2016 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago recaída no PO 212/2015 a favor de CARLOS GONZÁLEZ-CONCHEIRO ALVÁREZ - Honorarios de servizos profesionais de asesoría xurídica ao Concello	010 92000 22604	112.381,69	SC	Aplicación do Fondo de Continxencia co crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92900 50000	030 92900 50000	100.000,00
			SC	Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 23102 22699 nun importe de 4.000,00 € (achega mpal. do EDUSI)	070 23102 22699	4.000,00
				Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 23102 22706 nun importe de 1.053,69 € (achega mpal. do EDUSI)	070 23102 22706	1.053,69
			SC	Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 24100 22606 nun importe de 7.328,00 € (achega mpal. do EDUSI)	070 24100 22606	7.328,00
GASTO CAPÍTULO 4		112.381,69		APLICACIÓN DO FONDO DE CONTINXENCIA E BAIAS DE CRÉDITO DISPOÑIBLE EN APLICACIÓNS DE GASTO CORRENTE		112.381,69

Asunto 5: SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA HABILITACIÓN ORZAMENTARIA NA APLICACIÓN DE INVESTIMENTO 060/13600/62200 INCLUÍDA NO PROXECTO DE GASTO 2006/2/BOMB/7 POR IMPORTE DE 693.571,27 EUROS PARA DAR COBERTURA AO PAGAMENTO DA SENTENZA FIRME Nº 297/2016 DE 29 DE XUÑO DE 2016 (P.O. 515/2013) DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE SANTIAGO RECAÍDA A FAVOR DA ENTIDADE MERCANTIL EXTRACO, CONSTRUCCIÓNS E PROXECTOS S.A. EN RELACIÓN Á RECLAMACIÓN DE ABONO DA CERTIFICACIÓN Nº 5, DE LIQUIDACIÓN, DO CONTRATO DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO PARA O NOVO PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS EN SALGUEIRIÑOS.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE

Desde a Concellería delegada de Medio Ambiente e Convivencia comunícase á Concelleira delegada de Economía e Facenda a inexistencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 060/13600/62200 incluída no proxecto 2006/2/BOMB/7 no orzamento vixente do Concello para facer fronte ao pagamento da sentenza estimatoria firme de 29 de xuño de 2016 nº 297/2016 (P.O. 515/2013) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago recaída a favor da entidade mercantil Extraco, Construccions e Proxectos S.A. en relación á reclamación de abono da certificación nº 5, de liquidación, do contrato de obras de construción dun edificio para o novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños.

O fallo da sentenza estima parcialmente o recurso presentado por EXTRACO e declara a obriga do Concello de aboar o importe de 1.018.205,39 euros e intereses de demora,

quedando a espera de determinarse o importe do IVE que se deba recoñecer polo devengo desta certificación final de obra toda vez que a demandante non presentou no Concello factura xustificativa da mesma.

Para o aboamento do importe que recolle a sentenza, o proxecto de gasto creado no seu día para recoller o crédito e o financiamento desta actuación, presenta un crédito dispoñible procedente da incorporación de remanente afectado de 324.634,12 euros, polo que o importe a complementar da aplicación de gasto dentro do proxecto é, por diferenzas, de 693.571,27 euros.

O importe da modificación orzamentaria proposta, que tenta dar cobertura económica ao pago do importe que recolle a sentenza, é un suplemento de crédito de **SEISCENTOS NOVENTA E TRES MIL CINCOCENTOS SETENTA E UN EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS DE EURO (693.571,27 €)** co obxecto de habilitar de crédito na aplicación orzamentaria de investimento 060/13600/62200 incluída no proxecto de gasto 2006/2/BOMB/7 para dar cobertura ao pagamento da sentenza estimatoria firme de 29 de xuño de 2016 nº 297/2016 (P.O. 515/2013) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago recaída a favor da entidade mercantil Extraco, Construcións e Proxectos S.A. en relación á reclamación de abono da certificación nº 5, de liquidación, do contrato de obras de construción dun edificio para o novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños, sen que poida demorarse o seu pagamento ao próximo exercicio por se tratar dunha obriga derivada da execución dunha sentenza xudicial firme, para o que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable ao non teren consignación no Orzamento xeral do Concello do exercicio 2016.

Achégase como documentación anexa, copia da sentenza que xustifica a habilitación deste suplemento de crédito.

Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 177.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL:

“Cando haxa de realizarse algún gasto que non poda demorarse ata o exercicio seguinte (...) ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de (...) suplemento de crédito (...)”.

FINANCIAMENTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “O expediente deberá especificar a concreta aplicación orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que terá que financiar o aumento que se propón”.

Como recurso que financia este incremento, o parágrafo seguinte do artigo 177.4 e o artigo 36.1.c) do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala como medio ou posible recurso a utilizar polas Corporacións as anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Neste sentido, os recursos que van permitir o financiamento desta modificación orzamentaria proceden de catro fontes de financiamento diferentes:

- A aplicación como recurso do Remanente de Tesourería afectado de dous proxectos de gasto aínda non incorporados neste ano 2016 (2014/2/FONTI/48 e 2007/2/ENSAN/34) con proposta de desestimento por parte do centro xestor responsables destes proxectos e cun cambio de finalidade para achegar financiamento a este suplemento de crédito.

- Da baixa por anulación do crédito dispoñible en catro proxectos de gasto (2014/2/CHURU/53, 2015/2/INNOV25, 2016/3/EDUSI/19 e 2016/3/EDUSI/20), con proposta de cambio de finalidade e desestimento por parte dos centros xestores responsables destes proxectos coa finalidade para achegar financiamento a este suplemento de crédito.

- A aplicación como recurso do Remanente de Tesourería afectado incorporado nos anos 2013, 2014 e 2015 nos proxectos de gasto 2013/8/EXCES/13, 2014/8/EXCES/14 e 2015/8/EXCES/15, recollendo os mesmos os excesos de financiamento derivados de remanentes de crédito non incorporados por desestimento no seu momento da súa realización, pero financiados con ingresos afectados diversos.

- O recoñecemento como maiores ingresos afectados os procedentes do proxecto de gasto non incorporado no exercicio 2016 baixo o código 2015/2/OPAS/15 con financiamento procedente de préstamo.

Máis concretamente o detalle das fontes de financiamento que permiten dar cobertura a este suplemento de crédito son:

- A aplicación como recurso do Remanente de Tesourería afectado do proxecto de gasto aínda non incorporado neste ano 2016 baixo o código 2014/2/FONTI/48 por unha contía de 400.000,00 euros, con proposta de desestimento por parte do centro xestor responsable deste proxecto e cun cambio de finalidade para achegar financiamento a este suplemento de crédito. A fonte de financiamento provén da aplicación de ingresos 39710 correspondente a aproveitamentos urbanísticos, quedando acreditado no informe do director de área técnica da área de desenvolvemento urbano e sostible que se achega

como documentación anexa a este expediente, que o destino da aplicación destes recursos pode ser incluído, con base na normativa legal vixente, como destino final dos recursos procedentes do Patrimonio Municipal do Solo ao estares a falar da construción prevista dun edificio de servizo público, como é o Parque Comarcal de Bombeiros.

-Baixa por anulación da aplicación orzamentaria 050 15100 61900 incluída no proxecto de gasto 2014-2-CHURU-53 nun importe de 70.000,00 euros, con proposta de desestimento por parte do centro xestor responsable deste proxecto e cun cambio de finalidade para achegar financiamento a este suplemento de crédito. A fonte de financiamento provén da aplicación de ingresos 91301 correspondente a préstamos recibidos a longo prazo fora do sector público por parte do Concello. Esta fonte de financiamento é compatible con fin previsto nesta operación de suplemento de crédito.

-Baixa por anulación das aplicacións orzamentarias 070 43200 62600 nun importe de 21.396,21 euros e na aplicación 070 43200 64100 nun importe de 64.188,64 euros incluídas no proxecto de gasto 2015-2-INNOV-25, con proposta de desestimento por parte do centro xestor responsable deste proxecto e cun cambio de finalidade para achegar financiamento a este suplemento de crédito. A fonte de financiamento provén da aplicación de ingresos 91301 correspondente a préstamos recibidos a longo prazo fora do sector público por parte do Concello. Esta fonte de financiamento é compatible co fin previsto nesta operación de suplemento de crédito.

-A aplicación do Remanente de Tesourería afectado incorporados no ano 2013 no proxecto de gasto 2013/8/EXCES/13, recollendo o mesmo os excesos de financiamento derivados de remanentes de crédito non incorporados por desestimento no seu momento da súa realización, pero financiados con ingresos afectados diversos. Neste caso concreto, as fontes de financiamento proveñen das aplicacións de ingresos 39610 correspondentes a cotas de urbanización por unha contía de 18.614,85 euros, e a aplicación de ingresos 91301 correspondentes a préstamos recibidos a longo prazo fora do sector público por parte do Concello por unha contía de 0.36 euros. Ambas fontes de financiamento son compatibles co fin previsto nesta operación de suplemento de crédito, e concretamente, o financiamento procedente de cotas de urbanización, ao igual que se fixo mención con anterioridade, pode ser incluído, con base na normativa legal vixente, como destino final dos recursos procedentes do Patrimonio Municipal do Solo ao estares a falar da construción prevista dun edificio de servizo público, como é o Parque Comarcal de Bombeiros.

-A aplicación do Remanente de Tesourería afectado incorporados no ano 2014 no proxecto de gasto 2014/8/EXCES/14, recollendo o mesmo os excesos de financiamento derivados de remanentes de crédito non incorporados por desestimento no seu momento da súa realización, pero financiados con ingresos afectados diversos. Neste caso concreto, as fontes de financiamento proveñen das aplicacións de ingresos 39905

correspondentes a outros ingresos diversos por unha contía de 7.123,53 euros, e a aplicación de ingresos 91301 correspondentes a préstamos recibidos a longo prazo fora do sector público por parte do Concello por unha contía de 8.237,82 euros. Ambas fontes de financiamento son compatibles co fin previsto nesta operación de suplemento de crédito.

-A aplicación do Remanente de Tesourería afectado incorporados no ano 2015 no proxecto de gasto 2015/8/EXCES/15, recollendo o mesmo os excesos de financiamento derivados de remanentes de crédito non incorporados por desestimento no seu momento da súa realización, pero financiados con ingresos afectados diversos. Neste caso concreto, as fontes de financiamento proveñen das aplicacións de ingresos 39710 correspondentes a outros aproveitamentos urbanísticos por unha contía de 27.096,44 euros, e a aplicación de ingresos 91301 correspondentes a préstamos recibidos a longo prazo fora do sector público por parte do Concello por unha contía de 0,36 euros. Ambas fontes de financiamento son compatibles co fin previsto nesta operación de suplemento de crédito, e concretamente, o financiamento procedente de outros aproveitamentos urbanísticos, ao igual que se fixo mención con anterioridade, pode ser incluído, con base na normativa legal vixente, como destino final dos recursos procedentes do Patrimonio Municipal do Solo ao estares a falar da construción prevista dun edificio de servizo público, como é o Parque Comarcal de Bombeiros.

-O recoñecemento como maiores ingresos afectados os procedentes do proxecto de gasto non incorporado no exercicio 2016 baixo o código 2015/2/OPAS/15 con financiamento procedente de préstamo (aplicación de ingresos 91301) e con cambio de finalidade, por unha contía de 5.573,87 euros. Esta fonte de financiamento é compatible co fin previsto nesta operación de suplemento de crédito.

-A aplicación como recurso do Remanente de Tesourería afectado do proxecto de gasto aínda non incorporado neste ano 2016 baixo o código 2007/2/ENSAN/34 por unha contía de 47.611,98 euros, con proposta de desestimento por parte do centro xestor responsable deste proxecto e cun cambio de finalidade para achegar financiamento a este suplemento de crédito. A fonte de financiamento proveñen das aplicacións de ingresos 39710 correspondente a aproveitamentos urbanísticos por unha contía de 8.357,17 euros, da aplicación de ingresos 60000 correspondente a venta de solares por unha contía de 8.359,67 euros, e a aplicación 75000 correspondente a transferencias de capital da Comunidade Autónoma por unha contía de 30.895,14 euros, quedando acreditado no informe do director de área técnica da área de desenvolvemento urbano e sostible que se achega como documentación anexa a este expediente, que o destino da aplicación destes recursos pode ser incluído, con base na normativa legal vixente, como destino final dos recursos procedentes do Patrimonio Municipal do Solo ao estares a falar da construción prevista dun edificio de servizo público, como é o Parque Comarcal de Bombeiros.

-Baixa por anulación da aplicación orzamentaria 010 16220 64100 incluída no proxecto de gasto do anexo de investimentos do ano 2016 baixo o código 2016 3 EDUSI 19 nun importe de 14.000,00 euros procedente do crédito dispoñible nesta aplicación con motivo da imposibilidade de executar neste ano 2016 as actuacións do programa europeo EDUSI previstas e consignadas no orzamento municipal. Neste caso concreto, os recursos proceden da posta a disposición como crédito dispoñible da achega municipal do 20% do proxecto que tiña como obxectivo a adquisición dunha aplicación informática que mellorara a Xestión de Residuos Sólidos Urbanos. Trátase dun proxecto de gasto que non se prevé executar o vindeiro ano cando se produza o reaxuste de proxectos toda vez comunicada a minoración da achega por parte dos fondos europeos a este programa. A fonte de financiamento provén da aplicación de ingresos 91301 correspondente a préstamos recibidos a longo prazo fora do sector público por parte do Concello. Esta fonte de financiamento é compatible co fin previsto nesta operación de suplemento de crédito.

-Baixa por anulación da aplicación orzamentaria 010 16300 64100 incluída no proxecto de gasto do anexo de investimentos do ano 2016 baixo o código 2016 3 EDUSI 20 nun importe de 8.759,30 euros procedente de parte do crédito dispoñible nesta aplicación con motivo da imposibilidade de executar neste ano 2016 as actuacións do programa europeo EDUSI previstas e consignadas no orzamento municipal. Neste caso concreto, os recursos proceden da posta a disposición como crédito dispoñible da achega municipal do 20% do proxecto que tiña como obxectivo a adquisición dunha aplicación informática que mellora o sistema de Limpeza Viaria. Trátase dun proxecto de gasto que non se prevé executar o vindeiro ano cando se produza o reaxuste de proxectos toda vez comunicada a minoración da achega por parte dos fondos europeos a este programa. A fonte de financiamento provén da aplicación de ingresos 91301 correspondente a préstamos recibidos a longo prazo fora do sector público por parte do Concello. Esta fonte de financiamento é compatible co fin previsto nesta operación de suplemento de crédito.

Achégase como documentación anexa a este expediente:

-Informe de 24 de novembro de 2016 asinado polo do director de área técnica da área de desenvolvemento urbano e sostible, co conforme do seu Concelleiro delegado, de desestimento dos proxectos de gasto 2014/2/FONTI/48, 2014/2/CHURU/53 e 2007/2/ENSAN/34, co obxecto de dar cobertura económica a este suplemento de crédito. Tamén se acredita no propio informe, que o destino da aplicación destes recursos pode ser incluído, con base na normativa legal vixente, como destino final dos recursos procedentes do Patrimonio Municipal do Solo ao estares a falar da construción prevista dun edificio de servizo público, como é o Parque Comarcal de Bombeiros.

-Informe de 24 de novembro de 2016 asinado polo da técnica da área de Promoción Económica, co conforme da súa Concelleira delegada, de desestimento do proxecto de gasto 2015/2/INNOV/25 co obxecto de dar cobertura económica a este suplemento de crédito. Este proxecto tiña por finalidade a implantación do programa PAST VIEW.

-Copia da resolución da Concelleira delegada de Economía e Facenda de data 25 de novembro de 2016 onde se acorda poñer como recurso dispoñible para o orzamento municipal deste ano 2016 o 20% de achega municipal correspondente ás diferentes accións do EDUSI recollidas no orzamento municipal deste ano.

PROPOSTA

Logo de ter recibida comunicación da Concellería delegada de Medio Ambiente da inexistencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento vixente do Concello na aplicación 060/13600/62200 incluída no proxecto 2006/2/BOMB/7 para facer fronte ao pagamento da sentenza estimatoria firme de 29 de xuño de 2016 nº 297/2016 (P.O. 515/2013) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago recaída a favor da entidade mercantil Extraco, Construcións e Proxectos S.A. en relación á reclamación de abono da certificación nº 5, de liquidación, do contrato de obras de construción dun edificio para o novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños, cuantificada en 693.571,27 euros.

Considerando de que o Concello de Santiago dispón neste exercicio 2016 de catro fontes de financiamento diferentes para facer fronte ao déficit de crédito detectado:

-A aplicación como recurso do Remanente de Tesourería afectado de dous proxectos de gasto aínda non incorporados neste ano 2016 (2014/2/FONTI/48 e 2007/2/ENSAN/34) con proposta de desestimento por parte do centro xestor responsables destes proxectos e cun cambio de finalidade para achegar financiamento a este suplemento de crédito.

-Da baixa por anulación do crédito dispoñible en catro proxectos de gasto (2014/2/CHURU/53, 2015/2/INNOV25, 2016/3/EDUSI/19 e 2016/3/EDUSI/20), con proposta de cambio de finalidade e desestimento por parte dos centros xestores responsables destes proxectos coa finalidade para achegar financiamento a este suplemento de crédito,

-A aplicación como recurso do Remanente de Tesourería afectado incorporado nos anos 2013, 2014 e 2015 nos proxectos de gasto 2013/8/EXCES/13, 2014/8/EXCES/14 e 2015/8/EXCES/15, recollendo os mesmos os excesos de financiamento derivados de remanentes de crédito non incorporados por desestimento no seu momento da súa realización, pero financiados con ingresos afectados diversos.

-O recoñecemento como maiores ingresos afectados os procedentes do proxecto de gasto non incorporado no exercicio 2016 baixo o código 2015/2/OPAS/15 con financiamento procedente de préstamo.

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se decrete a incoación do Expediente de Modificación de Créditos mediante Suplemento de Crédito do Orzamento municipal do ano 2016 baixo o número de referencia **2016-SUPLE-03**, dando traslado á Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas para o seu ditame e posterior aprobación polo Pleno, previo sometemento do acordo á Xunta de Goberno Local, en relación á seguinte proposta:

Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 060/13600/62200 incluída no proxecto de gasto 2006/2/BOMB/7 por un importe de 693.571,27 euros co obxecto de dar cobertura ao pagamento da sentenza estimatoria firme de 29 de xuño de 2016 nº 297/2016 (P.O. 515/2013) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago recaída a favor da entidade mercantil Extraco, Construcións e Proxectos S.A. en relación á reclamación de abono da certificación nº 5, de liquidación, do contrato de obras de construción dun edificio para o novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños, sen que poida demorarse o seu pagamento ao próximo exercicio por se tratar dunha obriga derivada da execución dunha sentenza xudicial firme, para o que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable ao non teren consignación no Orzamento xeral do Concello do exercicio 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO	PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN	PROXECTO	IMPORTE
Sentenza 297/2016 recaída no PO 515/2013 a favor de Extraco, Construcción e Proxectos S.A. - Certificación nº 5, de liquidación, do Contrato de execución das obras de construción dun edificio para o novo Parque Comarcal de Bombeiros en Salgueiriños	060 13600 62200	2006 2 BOMB 7	693.571,27	SC	Aplicación do Remanente de tesourería afectado, ao non estar incorporado o proxecto no 2016, do proxecto 2014-2-FONTI-48 nun importe de 400.000,00 €		2014 2 FONTI 48	400.000,00
					Baixas por anulación do proxecto 2014-2-CHURU-53 nun importe de 70.000,00 € con cambio de finalidade	050 15100 61900	2014 2 CHURU 53	70.000,00
					Baixas por anulación do proxecto 2015-2-INNOV-25 nun importe de 21.396,21 €, con cambio de finalidade	070 43200 62600	2015 2 INNOV 25	21.396,21
					Baixas por anulación do proxecto 2015-2-INNOV-25 nun importe de 64.188,64 €, con cambio de finalidade	070 43200 64100	2015 2 INNOV 25	64.188,64
					Aplicación do Remanente de tesourería afectado incorporados no exercicio 2013 ao proxecto de gastos 2013-8-EXCES-13		2013 8 EXCES 13	18.600,00
					Aplicación do Remanente de tesourería afectado incorporados no exercicio 2014 ao proxecto de gastos 2014-8-EXCES-14		2014 8 EXCES 14	16.300,00
					Aplicación do Remanente de tesourería afectado incorporados no exercicio 2015 ao proxecto de gastos 2015-8-EXCES-15		2015 8 EXCES 15	27.000,00
					Maiores ingresos afectados procedentes do proxecto 2015-2-OPAS-15 non incorporados no 2016 por un importe de 5.573,87 €		2015 2 OPAS 15	5.573,87
					Aplicación do Remanente de tesourería afectado, ao non estar incorporado o proxecto no 2016, do proxecto 2007-2-ENSAN-34 nun importe de 47.611,98 €		2007 2 ENSAN 34	47.611,98
					Baixas por anulación do proxecto 2016-3-EDUSI-19 nun importe de 14.000,00 €, con cambio de finalidade	010 16220 64100	2016 3 EDUSI 19	14.000,00
					Baixas por anulación do proxecto 2016-3-EDUSI-20 nun importe de 8.759,30 €, con cambio de finalidade	010 16300 64100	2016 3 EDUSI 20	8.759,30
GASTO CAPÍTULO 6			693.571,27		BAIXAS DE CRÉDITO DISPOÑIBLE EN APLICACIÓNS DE GASTO DE PROXECTOS DE INVESTIMENTO			693.571,27

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2016, e, de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2016-SUPLE-03 con base nos cinco asuntos que se describen no informe que antecede, cun

monto global de UN MILLÓN VINTE E NOVE MIL CATROCIENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS DE EURO (1.029.453,46 euros).

Este expediente, que incorpora cinco asuntos, terá o seguinte detalle:

A)Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

1.- Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 030/01100/91300 por un importe de 494.403,29 euros co obxecto de amortizar anticipadamente o préstamo de ABANCA co código 388-3-6 financiado cos fondos procedentes da nova operación de préstamo formalizada coa Deputación Provincial da Coruña baixo o seu plan PAI 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMIENTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE INGRESO	IMPORTE
Habilitación de crédito para amortización anticipada de débeda do Concello (préstamo de ABANCA formalizado o 11/02/2000 co código 388-3-6)	030 01100 91300	494.403,29	SC	Financiamento procedente da concesión do préstamo da Deputación Provincial da Coruña baixo o programa do Plan de Aforro e Inversión (PAI)	91100	494.403,29
GASTO CAPÍTULO 9		494.403,29	INGRESO CAPÍTULO 9			494.403,29

2.- Habilitación de suplemento de crédito ao organismo autónomo Auditorio de Galicia a través da aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 040/33000/41000 por un importe de 80.000,00 euros co obxecto de para dar cobertura ao pagamento de facturas neste exercicio económico de servizos recibidos, sen que poida demorarse ao próximo por se tratar de obrigas derivada de compromisos de gasto adquiridos en exercicios anteriores realizado a prezos de mercado no seu día, para os que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable o consignado no Orzamento do Auditorio de Galicia do exercicio 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO QUE RECIBE CRÉDITO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	BAIXA DE CRÉDITO DISPONIBLE NAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE GASTO	IMPORTE
Necesidade de crédito para gasto corrente de Auditorio de Galicia	040 33000 41000	80.000,00	SC	Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 030 01100 31000 nun importe de 40.000,00 €	070 01100 31000	40.000,00
				Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 24100 22606 nun importe de 24.704,00 € (achega mpal. do EDUSI)	070 24100 22606	24.704,00
				Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 020 23100 22699 nun importe de 15.296,00 € (achega mpal. do EDUSI)	020 23100 22699	15.296,00
GASTO CAPÍTULO 4		80.000,00		BAIXAS DE CRÉDITO DISPONIBLE EN APLICACIÓNS DE GASTO		80.000,00

3.- Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 060/44110/47900 por un importe de 143.500,50 euros co obxecto de dar cobertura ao pagamento das liquidación recibidas do ano 2015 pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros das empresas “Hermanos Ferrín” e “Autos Grabanxa”, sen que poida demorarse o seu pagamento ao próximo exercicio por se tratar dunha obriga derivada dun compromiso de gasto adquirido en exercicios anteriores realizado a prezos de mercado no seu día, para os que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable o consignado no Orzamento xeral do Concello do exercicio 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO QUE RECIBE CRÉDITO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	BAIXA DE CRÉDITO DISPONIBLE NAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE GASTO	IMPORTE
Liquidacións ano 2015 das empresas "Hermanos Ferrín" e "Autos Grabanxa" en relación á prestación do servizo de Transporte colectivo urbano de viaxeiros sen consignación de crédito no exercicio 2016, correspondente ao CX 10	060 44110 47900	143.500,50	SC	Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 030 93100 22706 nun importe de 70.000,00 €	030 93100 22706	70.000,00
				Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 060 13300 22701 por 73.500,00 €	060 13300 22701	73.500,50
GASTO CAPÍTULO 4		143.500,50		BAIXAS DE CRÉDITO DISPONIBLE EN APLICACIÓNS DE GASTO		143.500,50

4.- Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 010/92000/22604 por un importe de 112.381,69 euros co obxecto de dar cobertura ao pagamento da sentenza estimatoria firme de 8 de marzo de 2016 (rexistro de entrada no Concello nº 12353 de 11/03/2016) nº 11/2016 (P.O. 212/2015) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago recaída a favor do letrado Carlos González-Concheiro Álvarez, sen que poida demorarse o seu pagamento ao próximo exercicio por se tratar dunha obriga derivada da execución dunha sentenza xudicial firme, para o que o crédito orzamentario é

insuficiente ou non ampliable ao non teren consignación no Orzamento xeral do Concello do exercicio 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO QUE RECIBE CRÉDITO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	BAIXA DE CRÉDITO DISPOÑIBLE NAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE GASTO	IMPORTE
Sentenza nº 11/2016 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago recaída no PO 212/2015 a favor de CARLOS GONZÁLEZ-CONCHEIRO ALVÁREZ - Honorarios de servizos profesionais de asesoría xurídica ao Concello	010 92000 22604	112.381,69	SC	Aplicación do Fondo de Continxencia co crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92900 50000	030 92900 50000	100.000,00
			SC	Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 23102 22699 nun importe de 4.000,00 € (achega mpal. do EDUSI)	070 23102 22699	4.000,00
				Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 23102 22706 nun importe de 1.053,69 € (achega mpal. do EDUSI)	070 23102 22706	1.053,69
			SC	Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 24100 22606 nun importe de 7.328,00 € (achega mpal. do EDUSI)	070 24100 22606	7.328,00
GASTO CAPÍTULO 4		112.381,69		APLICACIÓN DO FONDO DE CONTINXENCIA E BAIXAS DE CRÉDITO DISPOÑIBLE EN APLICACIÓNS DE GASTO CORRENTE		112.381,69

5.- Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 060/13600/62200 incluída no proxecto de gasto 2006/2/BOMB/7 por un importe de 693.571,27 euros co obxecto de dar cobertura ao pagamento da sentenza estimatoria firme de 29 de xuño de 2016 nº 297/2016 (P.O. 515/2013) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago recaída a favor da entidade mercantil Extraco, Construcións e Proxectos S.A. en relación á reclamación de abono da certificación nº 5, de liquidación, do contrato de obras de construción dun edificio para o novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños, sen que poida demorarse o seu pagamento ao próximo exercicio por se tratar dunha obriga derivada da execución dunha sentenza xudicial firme, para o que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable ao non teren consignación no Orzamento xeral do Concello do exercicio 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO	PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN	PROXECTO	IMPORTE
Sentenza 297/2016 recaída no PO 515/2013 a favor de Extraco, Construcción e Proxectos S.A. - Certificación nº 5, de liquidación, do Contrato de execución das obras de construción dun edificio para o novo Parque Comarcal de Bombeiros en Salgueiriños	060 13600 62200	2006 2 BOMB 7	693.571,27	SC	Aplicación do Remanente de tesourería afectado, ao non estar incorporado o proxecto no 2016, do proxecto 2014-2-FONTI-48 nun importe de 400.000,00 €		2014 2 FONTI 48	400.000,00
					Baixas por anulación do proxecto 2014-2-CHURU-53 nun importe de 70.000,00 € con cambio de finalidade	050 15100 61900	2014 2 CHURU 53	70.000,00
					Baixas por anulación do proxecto 2015-2-INNOV-25 nun importe de 21.396,21 €, con cambio de finalidade	070 43200 62600	2015 2 INNOV 25	21.396,21
					Baixas por anulación do proxecto 2015-2-INNOV-25 nun importe de 64.188,64 €, con cambio de finalidade	070 43200 64100	2015 2 INNOV 25	64.188,64
					Aplicación do Remanente de tesourería afectado incorporados no exercicio 2013 ao proxecto de gastos 2013-8-EXCES-13		2013 8 EXCES 13	18.615,21
					Aplicación do Remanente de tesourería afectado incorporados no exercicio 2014 ao proxecto de gastos 2014-8-EXCES-14		2014 8 EXCES 14	16.329,26
					Aplicación do Remanente de tesourería afectado incorporados no exercicio 2015 ao proxecto de gastos 2015-8-EXCES-15		2015 8 EXCES 15	27.096,80
					Maiores ingresos afectados procedentes do proxecto 2015-2-OPAS-15 non incorporados no 2016 por un importe de 5.573,87 €		2015 2 OPAS 15	5.573,87
					Aplicación do Remanente de tesourería afectado, ao non estar incorporado o proxecto no 2016, do proxecto 2007-2-ENSAN-34 nun importe de 47.611,98 €		2007 2 ENSAN 34	47.611,98
					Baixas por anulación do proxecto 2016-3-EDUSI-19 nun importe de 14.000,00 €, con cambio de finalidade	010 16220 64100	2016 3 EDUSI 19	14.000,00
					Baixas por anulación do proxecto 2016-3-EDUSI-20 nun importe de 8.759,30 €, con cambio de finalidade	010 16300 64100	2016 3 EDUSI 20	8.759,30
GASTO CAPÍTULO 6			693.571,27		BAIXAS DE CRÉDITO DISPONÍBLE EN APLICACIÓNS DE GASTO DE PROXECTOS DE INVESTIMENTO			693.571,27

A) Financiamento:

1.Baixas por anulación: **514.226,34 euros**
2.Remanente de Tesourería para Gastos Xerais: **515.227,12 euros**

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
-----------	---------

1.- Total suplemento de crédito.....	1.029.453,46 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	514.226,34 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	515.227,12 euros

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 1.029.453,46 euros

SEGUNDO: expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Consta no expediente acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de novembro de 2016.

O Sr. Alcalde, di que se van debater conxuntamente os dous puntos da orde do día desta sesión, máis o da sesión que se vai celebrar despois de que remate esta, para tratar a aprobación do crédito extraordinario e suplemento de crédito do organismo autónomo Auditorio de Galicia.

Dona María Rozas Pérez, comeza a súa intervención, dicindo que se está a falar dun expediente modificativo de crédito do orzamento de 2016, que ten tres implicacións substantivas:

Por un lado a dotación de crédito para pago de sentenzas que foron recaendo no Concello de Santiago durante o ano 2016, un pago parcial de sentenzas, entorno a un millón de euros para pagar tres sentenzas, unha delas parcial.

Comenta que despois explicará máis polo miúdo o expediente e as sentenzas recollidas nel, así como o resto do expediente modificativo de crédito.

Quere facer unha introducción no relacionado coas sentenzas, que serva de reflexión. O número de sentenzas e as contías destas setenzas recaídas no ano 2016 é algo histórico no Concello de Santiago, é un caso, que nunca acontecerá con anterioridade nun volumen tan elevado.

No expediente que traemos hoxe ao pleno, hai que detraer do orzamento para pagar sentenzas unha contía aproximada dun millón de euros, tres sentenzas, unha parcial, pero hai moitas máis, relativa algunhas delas como a sentenza do SUNP-5 da Muíña, da urbanización do SUNP-11, de Triacastela, a relacionada co contrato de limpeza, a relacionada con escolas infantís, etc.

Di que no que vai de ano levan máis de tres millóns de euros en sentenzas xudiciais, di que esa cantidade é o orzamento do departamento de educación do Concello de Santiago, e eses tres millóns de euros, é case o 50% do capítulo de investimentos do orzamento de 2016; tres millóns de euros é unha contía superior o orzamento que manexan entidades como Incolsa ou o Auditorio de Galicia.

E hai que destinar esta contía a pagar sentenzas, e este é un problema grave, problema grave para o Concello de Santiago, porque estes cartos son cartos dos petos dos vecinos e veciñas que se podían ter destinado a investimentos ou necesidades da nosa cidade, e lamentablemente teñen que ser destinados a pagar sentenzas.

Quere despois de facer esta reflexión, que cre que é necesaria, di que vai comezar a súa intervención, explicando o contido do expediente modificativo SUPLE-03.

Este expediente ten tres finalidades:

A primeira como xa indicou ao principio da intervención, dotar de crédito derivado de gastos de sentenzas xudiciais.

Segunda, facer unha achega complementaria ao Auditorio de Galicia.

Terceira, aplicar o PAI, que é un fondo da Deputación para amortizar préstamo de forma anticipada.

Primeiro di que vai detallar as tres sentenzas que están recollidas neste expediente modificativo de crédito:

En concreto a cantidade que vai no expediente é de case 1.000.000 euros, 949.453,46 euros, contempla por un lado, 143.500,50 euros para facer fronte ao pago do servizo de transporte público, recaeu no concello unha sentenza da liquidación do transporte urbano no ano 2008, a sentenza indica que á hora de calcular a liquidación o concello tivo en conta o prezo medio do combustible e non tivo en contas as cláusulas do contrato.

Esta sentenza súmase a outras coñecidas polo mesmo concepto. Súmase a do ano 2007, 2009, 2010 e 2011, cun importe total de 485.000 euros, e aínda quedan pendentes outros 400.000 euros correspondentes aos anos 2012, 2013, 2014.

Di a continuación, que se todos os casos pendentes teñen a mesma evolución, que os xa resoltos pola xustiza, o concello tería que pagar en total por este mesmo concepto máis dun millón de euros.

A segunda sentenza que hai no expediente, e por importe de 112.381,89 euros, está recaída a favor do contrato de servizos xurídicos externalizados. No ano 2014, recorreuse a estes servizos profesionais, e deixáronse as facturas sen pagar, houbo un decreto de febreiro de 2015, polo que se devolvían estas facturas. A sentenza actual obríganos a pagar as facturas máis os intereses.

O contrato da asesoría xurídica que ten un importe de 102.000 euros, non inclúe todos os pleitos, hai pleitos a maiores como se indica nesta sentenza, que deben ser abonados de forma individual, así ven sendo dende os últimos seis anos, o cal incrementa considerablemente o gasto da asesoría xurídica e por iso, a importancia dende o punto de vista económico da súa municipalización.

Indica a seguir, que por último o expediente e relacionado con sentenzas van 693.571,27 euros para a sentenza do parque comarcal de bombeiros, esta é a sentenza máis elevada, máis dun millón de euros.

Dispoñen doutros recursos para completar o importe e pagar o principal da sentenza, xunto con eses 693.000 euros, poderíase pagar o principal que é dun 1.018.000 euros, e así evitar que segan a correr os xuros, evitar que segan os intereses acumulándose que a día de hoxe superan o medio millón de euros.

Ademais, de pago de sentenzas no expediente SUPLE-03, tamén, se fai unha achega complementaria ao Auditorio de Galicia por 80.000 euros, e aplícase o PAI da Deputación, que é un fondo da Deputación que permite mudar un préstamo concertado polo Concello por outro da Deputación, máis o da Deputación sen xuros e con dous anos de carencia, no caso do concello son 494.000 euros que se aplican nun préstamo antigo que ten o concello do ano 2005, cun tipo de interese moi alto, o que lles permite aforrar en intereses de entidades bancarias entorno a 80.000 euros.

Para rematar, di o expediente SUPLE-02-2016, utilízase remanente para unha amortización anticipada de débeda, por un importe de 1.209.502,94 euros, isto, permítelles sanear máis as contas do concello, permítelles aliviar a carga financeira dos próximos anos e poder utilizar eses recursos para outro tipo de gastos, investimentos, políticas sociais ou calquera outro tipo de gastos, e tamén lles permite aforrar en xuros.

Os préstamos amortizados anticipada, son préstamos antigos con tipos de intereses moi elevados.

Se se xunta esta amortización anticipada coa amortización xa feita no mes de xullo, aforrariáanse en anos futuros máis de 400.000 euros en xuros de entidades bancarias.

Toma a palabra o concelleiro do grupo municipal do BNG, **Don Rubén Cela Díaz**, di que unha vez máis dende o grupo municipal do BNG teñen que facer unha crítica a forma e ao fondo do que se plantexa por parte do grupo de goberno para o debate neste pleno.

A crítica a forma é reiterada e segue a senda do que dende o grupo municipal do BNG tanto se criticou nos anos anteriores, un abuso na tramitación da urxencia, e unha tramitación deficitaria dos expedientes.

Hoxe non se vai falar de cousas sobrevidas, que non se coñeceran fai unhas semanas ou incluso meses, e que polo tanto, poderían ter vido a anteriores plenos ordinarios ou a un extraordinario, pero convocado en tempo e forma, non foi así convocouse este pleno con menos de 48 horas de antelación, non estando o expediente completo a menos de 24 horas da realización deste pleno, e onte, a señora concelleira daba unha rolda de prensa facendo unha valoración deste pleno, a mesma horas a que os grupos da oposición non tiñan acceso ao conxunto do expediente.

O feito de que se tivera que ter unha comisión informativa preceptiva previa a este pleno, e onde se tomaron coñecemento dalgunhas cousas, que ata agora se lles tiñan explicado dun xeito bastante diferente, en concreto co que ten que ver co pleno que se vai realizar a continuación a respecto do Auditorio de Galicia.

Dende o punto de vista do BNG, as cousas pódense facer doutro xeito, con máis tempo, e máxime cando elementos centrais destes expedientes son coñecidos dende fai meses.

Eles aceptan as desculpas pedidas pola concelleira hoxe na Comisión informativa, pero di, que este tipo de tramitacións o que fan é dificultar a labor de fiscalización da acción de goberno a que están obrigados os grupos da oposición.

No caso do grupo municipal do BNG non van facer cabalo de batalla disto, nin por dificultades para que hoxe se poidan establecer todos os debates que sexan necesarios, incluído ese debate a maiores extraordinario que non estaba previsto, e farano por unha cuestión de responsabilidade.

A continuación, sinala que está ben que se pida e esixa responsabilidade aos grupos da oposición, pero tamén cren que estaría mellor que o grupo de goberno tivera unha xestión deste tipo de expedientes, tamén responsable.

Con respecto ao fondo, traen hoxe para o seu debate, dous expedientes diferenciados:

Un de suplemento de crédito por importe 1.029.453 euros e outro de suplemento de crédito para amortización de endebedamento por importe de 1.253.649 euros.

Un deles fai referencia basicamente a cinco cuestións: 494.000 euros para amortizar anticipadamente préstamos de ABANCA financiados con fondos procedentes da nova operación de préstamo formalizada coa Deputación Provincial da Coruña, baixo o seu plan PAIN 2016; 80.000 euros para facer fronte a compromisos de gasto do Auditorio de Galiza, asumidos, aclara que ten todo isto mirado de fai uns minutos, pero está desfasado con respecto a información que lles deron na propia comisión, eses 80.000 euros non son para facer fronte a compromisos de gasto do Auditorio de 2015 incorporados ao 2016, senón para gastos do 2016, para os que non existe partida orzamentaria con cargo ao orzamento de 2016, se fixeron pagamento de facturas do ano 2015; 143.500 euros para cobertura da liquidación do servizo de transporte público prestado no 2015 polas empresas Hermanos Ferrín e Autos Garabanxa; 112.000 euros, para o pagamento de sentenza xudicial por servizos xurídicos prestados; e 693.000 euros pola sentenza do parque de bombeiros.

No outro expediente, 44.000 euros para cubrir o saldo da conta 413 do Auditorio de Galicia e 1.209.000 para amortización de endebedamento municipal.

Estes dous expedientes translocen, dende o seu punto de vista, estes dous expedientes poderíanse dividir en tres partes diferenciadas:

Unha o pagamento de setenzas xudiciais.

Outra, a dotación de liquidez para o Auditorio, e a compensación ás concesionarias do transporte.

E unha terceira, que sería a amortización de débeda.

Con respecto ao pagamento de sentenzas, nese caso, dende o grupo municipal do BNG non teñen nada que dicir, hai sentenzas e gusten máis ou menos hai que acatalas e cumprilas, e polo tanto, dende o seu grupo, sen entrar na causa última que motivaron esas sentenzas, entenden que hai que abonalas, e que polo tanto, estaría xustificado o modificativo de crédito para facelo, e no caso concreto, do parque de bombeiros esta vez están de acordo co criterio do grupo de goberno, e non co da intervención

municipal, no sentido de que lles parece unha decisión correcta, que para o pagamento desta sentenza se empreguen restos de fondos non utilizados en anualidades anteriores con independencia de que dende a intervención municipal se manteña un criterio diferente, polo tanto, nada que obxectar con respecto ao pagamento de sentenzas, pero si quere facer unha consideración, de cara o exercicio de 2017 se aumente o fondo de continxencia na liña que xa o están a facer moitos concellos, e mesmo o estado, que reservan para esta partida, unha contía de entorno ao 1% dos gastos non financeiros.

Se xa estivese feito, o Concello de Santiago, cumpriría cun dos requisitos imprescindibles para poder acceder ao financiamento extraordinario do estado, creado para dar cobertura a este tipo de sentenzas desfavorables para os intereses dos concellos no estado español.

Con respecto a liquidez para o Auditorio e a liquidación do transporte, nese sentido cren que sería conveniente, unha explicación por parte da concelleira, un pouco máis detallada, do por qué non se tramitaron no seu día esas facturas, e exactamente e finalmente que é o que se vai pagar coa transferencia que se vai facer dende o Concello.

E en canto á liquidación pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros coa empresa Hermanos Ferrín e Autos Garabanxa no ano 2015, por un importe de 143.000 euros, dicir que lles parece que isto era algo previsible, e que se puido e debeu ter en conta na propia redacción do orzamento do 2016.

Nese sentido, dilles que tomen nota, porque é algo que deberán ter en conta para o orzamento de 2017, xa que de momento están a empregar o mesmo sistema de liquidación que agora provoca este desaxuste, polo que non é algo que sexa previsible, senón que vai ser algo seguro para o exercicio vindeiro.

Sen lugar a dúbidas, o elemento que non é conxuntural, senon que por desgraza estase a converter en estrutural neste concello, é o da amortización de débeda.

No fondo, o que transluce este expediente, é que Compostela Aberta segue a política económica financeira, cando menos, moi similar e nalgúns aspectos idéntica a que viña desenvolvendo nos últimos anos o Partido Popular.

Tal e como aflora no informe de intervención, o superávit do exercicio de 2015, un 52,15% tivo como destino a amortización de endebedamento, un 43,68% para investimentos financeiramente sostibiles e un 4,17% para cubrir saldos pendentes de aplicación orzamentaria, e saldos da conta 413 a 31 de decembro de 2015.

Isto mostra un círculo vicioso, dende o punto de vista do seu grupo pernicioso, entre os bancos e o concello, e entre o concello e os bancos, que xa se viviu co Partido Popular e que se mantén na actualidade.

Ese círculo comeza por non gastar, non para aforrar, senón por incapacidade de xestionar en tempo e forma os recursos públicos, e ser incapaces de executar o presupostado, iso implica que se acumulen dun exercicio para outro, cantidades inxentes de diñeiro, nun contexto de tantas necesidades, e polo que se podería dicir máis que “inxente” “indecente”, iso que se acumula ao final vale fundamentalmente para devolverlle cartos aos bancos, ao tempo que amortizan débeda, vólvense a endebedar para o exercicio seguinte, ese aforro entre aspas, só tería sentido se ao final revirte nun investimento público que axude demandas reais e necesarias da veciñanza ao tempo que axude á reactivación da economía local e axude á creación de emprego, para seguir ao dedillo o que veu facendo o Partido Popular só lles falta unha cousa, que é que intenten colar a mesma manobra financeira, que tanto teñen denunciado neste pleno, deixar de pagar un ano de amortizacións para que lle quede ao grupo de goberno que veña a continuación.

Un bo exemplo no ano 2015, de deflactar o gasto de amortización pero só nunha anualidade, chamábase daquela “amortización anticipada”, e utilizouse de maneira que incrementou o aforro orzamentario tan só nun exercicio o 2015, pero volveu a tensar o gasto para amortización no exercicio de 2016, e seguirá a facelo nun futuro.

Para rematar, di que para votar favorablemente a estes puntos ademais de que estiveran ben tramitados, para eles sería imprescindible saber como se vai materializar esa amortización, como fica aberto, e o pleno non vai controlar, porque o decidirán en Xunta de Goberno, e eles nunca apoiarán prácticas que levan anos denunciando, que só valen para dar osíxeno temporal a un grupo de goberno, pero non son boas para os intereses do conxunto da veciñanza, a posición do seu grupo neste pleno, será a de non entorpecer a aprobación destes modificativos, pero tampouco lexitimar unhas formas e un fondo que non comparten, por ese motivo o voto do seu grupo será de abstención.

Intervén a seguir o portavoz do grupo municipal Socialista, **Don Francisco Reyes Santiás**, que sinala en primeiro lugar, que a convocatoria deste pleno e a estrutura dos expedientes que se presentan responden o máis puro estilo de Compostela Aberta, tarde, non é sobrevido ningún dos elementos que hoxe se traen aquí, mal, como van demostrar nesta intervención e arrastras, arrastras porque non é de recibo que as 9.20 horas de hoxe se enteren que rematando este pleno, teñen a convocatoria doutro pleno extraordinario e urgente.

Para eles é importante este pleno, porque amosa dúas cuestións:

A primeira é que eles teñen que cambiar o concepto, non é que estea convocado tarde, mal e arrastras, por mala xestión ou falta de xestión de Compostela Aberta, e que está convocado desta maneira por falta de respecto de Compostela Aberta ao pleno, aos grupos políticos con representación neste pleno, aos veciños/as que representan os grupos políticos neste pleno, e tamén falta de respecto á responsabilidade fiscalizadora dos grupos da oposición.

Non é de recibo e é unha falta de respecto, é que se teña información completa do expediente as 14:50 de onte, para unha comisión que se celebra ao día seguinte as 9.00 e un pleno ás 9:30 horas, onde se lles pide, que voten con respecto a unhas modificacións de crédito de arredor de tres millóns de euros, iso é unha falta de respecto.

A segunda cuestión que para eles queda moi clara, é que cando se fala de falta de xestión ou mala xestión por parte de Compostela Aberta, e Compostela Aberta tenta de buscar sempre outros responsable, culpable que non sexa o propio goberno, se fala de que a responsabilidade dos problemas de xestión, é da organización, organización-empregados públicos.

E plantexan unha reforma organizativa para resolver ese problema que os propios sindicatos din que non é tal, reforma organizativa.

O expediente evidencia que non é un problema de organización, os empregados públicos teñen resolto este expediente en 24 horas ou menos, como exemplo, a intervención segundo a lei para un expediente como este se lle ten que entregar con dez días de anticipación para poder exercer a función fiscalizadora e se lle dea o día 28 e a resposta o día 29.

Polo tanto, eles pensan que o primeiro que tivo que dicir a concelleira de facenda na súa primeira intervención foi darlle as grazas aos empregados públicos deste concello, porque son os que lavan a cara dos problemas de xestión do goberno, non ao revés.

Vai entrar na cuestión concreta dos asuntos que se van tratar no pleno.

O primeiro é unha amortización de débeda, que ten a súa orixe nuns remanentes de crédito que son o resultado non dunha boa xestión, senón dunha falta de xestión ou mala xestión de Compostela Aberta para 2015 compartido co Partido Popular.

A incapacidade de executar o orzamento, en particular o orzamento de investimentos leva a uns remanentes que a lei di que teñen dedícalo, fundamentalmente, a pagar facturas que non estaban pagadas e a amortización de débeda.

Fai unha semana a concelleira de facenda nun debate en televisión dicía que non dedicaban os remanentes a cubrir esa amortización de débeda, senón que o facían en investimentos que podían dar produtividade, aquí a propia concelleira presenta uns números e asinados por ela, dicindo que o 51% se dedica a amortización de crédito e iso non é produtivo, iso non xera riqueza para esta cidade, iso non vai xerar emprego.

Dilles ao grupo de goberno, que a lei non é sobrevida, e cando empezaron a xestionar no 2015 sabían que a lei esixía o pago de amortización.

Con respecto ao segundo, o segundo expediente modificativo de crédito, que se podería chamar a cerimonia da confusión, porque este é o elemento clave deste pleno, para o que o traen, porque con este expediente pretenden por unha banda xustificar a súa falta de xestión, buscando culpables, xa se verá máis adiante quen son; e por outra banda, cubrir uns remanentes cos que se van atopar a 31 de decembro de 2016, porque a información que teñen dos tres primeiros trimestres anuncia un grao de execución no mellor dos casos tan malo como o do ano pasado ou peor, e polo tanto teñen que cubri-lo, e cóbrese mellorando esa execución, pagando, entre outras cousas, o tema das sentenzas.

O primeiro que se atopan neste expediente, é un caso de prestidixitación contable, é dicir, hai unha débeda 494.000 euros que se lles debe aos bancos, se lle piden eses cartos prestados á Deputación págase a débeda a bancos, pero séguese a deber o mesmo, prestidixitación.

É certo que se aforran uns intereses, que non son altos no mercado neste momento, pero non é menos certo que o máis importante que é o principal segue a deberse o mesmo, prestidixitación contable.

A segunda ten que ver, os 80.000 euros, máis os 40.000 euros do outro expediente de modificación, que son uns cartos que lle hai que transferir ao Auditorio, porque se quedou sen cartos presupostados para poder desenvolver as últimas actuacións deste ano.

O primeiro que hai que dicir, que o ano pasado aconteceu que non se pagaron facturas de 2015, que se deslizaron ao 2016, e que se pagaron con créditos presupostados no 2016, e como non quedan cartos para facer fronte ao programa que hai que desenvolver no 2016, e por iso, lle hai que dar cartos ao Auditorio.

Por certo, xa dirán cando pensan facer os programas do Auditorio, porque 30 de novembro este pleno, tense que publicar supoño que por urxencia no BOP pagando os veciños e as veciñas, quince días de exposición pública, contando que non haxa

alegacións, pois serán actuacións para a última semana de decembro, non queda máis tempo.

Di que agora vai falar das sentenzas. As sentenzas son importantes por un motivo, porque claro diante da falta de xestión asumida xa pola cidade, hai que buscar culpables, a estas alturas a culpabilidade ou responsabilidade non é do orzamento herdado, non pode selo.

Neste momento despois de que se tivera facilitado a aprobación do orzamento de 2016 sen desnaturalizar como se pediu, xa ninguén compra o tema da “pinza” nin a dos “paus na roda”, alguén ten que ter a responsabilidade, que non sexa Compostela Aberta, e ese alguén son trinta anos de goberno que nesta cidade non fixeron nada, nada máis que tomar decisións equivocadas, que agora claramente desbordan e impiden a xestión de Compostela Aberta, porque teñen que pagar todas esas sentenzas.

Se non fose por iso, Compostela Aberta, tería resolto o problema das 22.000 persoas en risco de exclusión social, tería resolto o problema das máis de 8.000 persoas que buscan un emprego e non atopan, non existiría unha soa fochanca sen arranxar nesta cidade, e terían todo o saneamento do rural resolto, pero claro, houbo trinta anos de gobernos que non foron de Compostela Aberta.

E para demostrarnos todo iso, traen a este pleno tres sentenzas:

A primeira o pago dunhas minutas duns avogados, para pagar as sentenzas existe un fondo de continxencia, dirán que presupostaron 100.000 euros, e que non podían prever tantas sentenzas contrarias, tres, por tantos cartos, pero é que o orzamento que Compostela Aberta fixo dese fondo de continxencia resulta que non chega nin para pagar, as minutas duns avogados.

Polo tanto, mal presupostado o orzamento de 2016.

O seguinte punto é o prezo de gasóleo, o prezo de gasóleo nunha sentenza contraria á interpretación que facían dun contrato os outros gobernos, pero tamén está no deste goberno, porque cando presupostan o prezo do gasóleo para o 2016, utilizan a mesma interpretación que os gobernos precedentes. Esta sentenza tamén é contraria a Compostela Aberta, así que se suman aquí.

A terceira é a do parque de bombeiros, quere deixar moi claro o señor Reyes, que o grupo municipal do Partido Socialista pide que se pague o cento por cento do que marque a sentenza, e está absolutamente convencido de que os outros grupos da oposición queren que se pague o cento por cento da sentenza do parque de bombeiros, pero Compostela Aberta non, porque Compostela Aberta soamente trae o principal, non

trae os intereses, en xuño xa tiñan a sentenza que lles dicía o que tiñan que pagar de principal máis intereses.

Para rematar, quere dicir, dúas cousas, do primeiro expediente non ven un problema formal, de feito tamén así o di a intervención, pero no segundo expediente, si hai dous problemas formais, primeiro que falta un acordo administrativo expreso de cambio de financiamento, non o atoparon na documentación, e intervención tampouco o atopa. O segundo, é que de fondos para financiar o segundo expediente modificativo de crédito falan dun gasto que previamente teñen que resolver, teñen que resolver o contrato para poder incorporar ese diñeiro como fondo.

Formalmente este segundo expediente modificativo de crédito non se podería aprobar, non deu ningunha solución a señora concelleira nin na comisión de facenda, nin agora na intervención neste pleno.

Pregúntanos o señor Reyes aos habilitados nacionais se é posible, a aprobación en pleno dese modificativo condicionado a que se resolvan esas dúas cuestións?

Gustaríalle que conste en acta a opinión tanto de secretaría como da intervención.

Sr. Alcalde, sinala que o señor Reyes alongouse en dous minutos, pero como se están a tratar os tres temas conxuntamente di que hai que ser flexibles.

Don Manuel Martínez Varela, toma a palabra en representación do grupo municipal do Partido Popular, e sinala que se trae aquí unha modificación de crédito para facer fronte a gastos extraordinarios e urxentes que non poden ser demorados.

Eles entenden que dado o carácter deste tipo de gastos, todo o debate sobre o contido dos mesmos carece de sentido, pero si que queren resaltar, que por parte do equipo de goberno estase a producir unha actuación sen planificación e previsión algunha, porque se si examina os expedientes, todo indica e como xa foi posto de manifesto por parte do PSdeG-PSOE e BNG, que foi feito a presa e correndo, hai que ter en conta que se convoca o día 28 para o día 30, sen estar a documentación no momento da convocatoria na secretaría, o expediente foi remitido a informe de intervención, o mesmo día 28 para ser informado ese mesmo día antes da convocatoria, faltaba o informe de intervención da estabilidade orzamentaria, non lle deu tempo á intervención.

Tamén sinala, que hai que ter en conta que o gasto do PAI que se recolle para amortizar débeda é coñecido dende xullo, fai cinco meses, e tráese a modificación agora.

Gasto relativo á sentenza Hermanos Ferrín e Autos Garabanxa é coñecido dende maio, foi levado a unha Xunta de Goberno Local de 23 de xuño, é dicir, fai seis meses e quedou enriba da mesa para ser estudado o tema.

Gasto relativo a sentenzas xudiciais de avogados e procuradores sábese dende marzo de 2016, fai oito meses.

Ven todo cinco e seis meses tarde, e mentres tanto xerando intereses.

E todo isto, el xa o manifestou anteriormente, que é consecuencia da forma de traballar, xa puxo de manifesto que nas Xuntas de Goberno pasouse de tres urxencias en seis meses a corenta e seis.

Dilles ao grupo de goberno que están tendo unha forma de traballar, carente de planificación e de previsión, e por iso, agora hai este tipo de consecuencias e estase agora a finais de ano, cando o outro día chegou a circular de intervención dirixida a todos os departamentos dicindo que había que pechar o exercicio.

Intervención informa favorablemente o expediente de suplemento de crédito 02, pero no 03 sinala que unha das fontes de financiamento non é posible aplicala porque non está dispoñible o crédito ata que non se resolva o contrato, é dicir, non se pode aplicar esa fonte de financiamento se non é resolto previamente o contrato.

Engade que non atopou en ningunha Xunta de Goberno ningún expediente de resolución dese contrato. Segue a dicir que a fonte de financiamento que se atopa recollida no informe-proposta, remanente de tesourería afectado a gastos de financiamento afectados de orixe, non está recollida como unha fonte de financiamento no artigo 177, si que cabería dentro do que é unha interpretación ampla, pero estase a forzar todo o tema.

Intervención, sinala que para facer fronte a determinadas actuacións recollidas neste expediente recomenda que se utilice a vía do artigo 182, é dicir, unha incorporación de remanente de crédito e non un suplemento de crédito.

E se se ten en conta que a liquidación foi aprobada en maio, estase a falar de seis meses, polo que indica que houbo tempo para ter feito todo isto.

Para rematar, di que quere facer referencia a unha cousa, falouse de que se amortiza débeda, amortízase débeda como se recolle nos informes en base a disposición adicional sexta da Lei 2/2012, pero non se di, porque se fai. A disposición adicional recolle a necesidade de amortizar débeda, pero atendendo a unha serie de condicións este tipo de amortización de débeda que se trae agora, podería terse traído para investimentos, o

problema é que a lei di que para poder dedicalo a inversións é necesario cumprir co período medio de pago previsto na normativa sobre morosidade, e resulta que o concello cos últimos datos dos que dispoñen incumpriuno catro meses.

Falouse en rolda de prensa que se está a amortizar débeda, di que agás se equivoque, no 2015 acudiuse a un crédito por 2,9 millóns de euros, a maiores o que era a subvención de 1,4 millóns que tamén é unha operación de crédito, e a maiores este ano outra de 5,3, é dicir, en total 9,6 millóns de euros e estase a amortizar, 2,8, isto para el, non é nin enxeñería financeira.

Por un lado acódese a amortización e por outro lado pídesse crédito, e despois están as porcentaxes de execución que hai que son totalmente ridículos, e esperan que a finais deste ano polo ben da cidade, non sexan os que marcaba a porcentaxe de execución a setembro deste ano.

Eles en principio, de todas maneiras, tratan de facer unha oposición responsable e non veñan aquí a poñer pedras no camiño, non se van opoñer a esta modificación de crédito, pero sinala que tampouco van votar a favor da mesma.

Dona María Rozas Fernández, nesta segunda intervención en representación do grupo de goberno, di que vai ser breve na súa intervención.

Di, que como recoñeceron na comisión de facenda, o procedemento administrativo pode ser que non fora o máis adecuado, xurdiron imprevistos no último momento, máis cre que non se debe apartar o foco do importante, non se debe esquecer o fondo da cuestión.

Estase a falar de tres millóns e pico de euros que o Concello de Santiago paga en sentenzas, e as intervencións que escoitou neste pleno dos dez minutos o tema das sentenzas durou un minuto e medio.

Están a falar de que se trae a este pleno o pagamento dun millón de euros de sentenzas, porque o resto xa se vai pagando con outras formas, con outros recursos. O pago dun millón de euros de sentenzas de anos que os grupos que están aquí na oposición foron os responsables, entón, parécelle un pouco rebuscado desviar as cuestións e non falar das sentenzas.

Di que fixo unha comparación na súa primeira intervención, o que paga o Concello de Santiago en sentenzas no ano 2016, porque non foi en ningún ano anterior, no ano 2016 gobernado por Compostela Aberta é igual ou superior ao orzamento anual que ten o departamento de educación do Concello de Santiago, é o 50% dos investimentos do orzamento de 2016, é escandaloso, todos poden compartir que este volume de sentenzas

e importes é escandaloso, entón pensar que pasar por parte dos grupos da oposición, por riba da cuestión, non lle parece que sexa o axeitado.

Prosegue a dicir, que o procedemento non foi o máis adecuado, pero indica que non é o máis relevante deste expediente, pois o relevante para ela é que se vai o orzamento en pagar sentenzas.

Vai intentar contestar algunhas das cousas que se comentaron de forma moi breve.

Os expedientes están informados de forma favorable pola intervención municipal, e con observacións nun deles, pero están informados de forma favorable pola intervención municipal.

O contrato do que tanto se falou, é un contrato do ano 2007 do Partido Socialista.

Ás veces pídense algunhas aclaracións, aclaracións sobre a sentenza da asesoría xurídica, porque se devolveron as facturas, as facturas foron devoltas en febreiro de 2015, como se indica no expediente, Compostela Aberta non gobernaba en febreiro de 2015, haberá que consultar ou mellorar a sentenza que o indica, porque se devolveron esas facturas.

Case o 50% dos remanentes do ano 2015, destináronse a investimentos, recorden que os investimentos que están financiados con remanentes teñen unha condición de que estean rematados e facturados a 31 de decembro de 2016, o cal fai un pouco dificultosa a súa viabilidade en temas de prazos.

Continúa a dicir, que amortizar débeda de forma anticipada é sanear as contas do concello, é ter máis recursos noutros anos para destinar a outros gastos, é amortizar débedas de intereses que teñen intereses elevadísimos, e repite o que xa dixo na súa primeira intervención, afórranse 400.000 euros das arcas municipais, que non terán que saír dos petos dos/as veciños/as para pagar intereses bancarios.

Quere insistir, por último, que o foco debese poñer no relevante, e aquí hai un problema grave no Concello de Santiago que queda plasmado neste expediente.

Intervén a continuación, **Don Rubén Cela Díaz**, en representación do BNG, di que non tiña pensado intervir, pero seguindo un pouco o fío argumental da señora concelleira.

Di que lle choca que en intervencións extensas non se faga mención a outro feito relevante. Non vai discutir se o tema da sentenza é un feito relevante no pleno de hoxe, pero di que para el hai outro feito moi relevante, que é como se amortiza a débeda neste concello.

Convidaríalle á concelleira a facer unha cousa, repase as actas dos plenos do mandato anterior, e repase cales eran as críticas que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego lle facía ao goberno de Conde Roa.

Insístelle, que repase o que dicían fai catro anos a Conde Roa, e repase o que se dixo hoxe neste pleno, e poderá ver que hai coincidencias, que a el cando menos, lle preocuparían.

Di que xa o explicaba o concelleiro do grupo Popular, Don Manuel Martínez, con cifras concretas o que el anunciaba ao principio.

Hai un círculo vicioso na relación concello-bancos, bancos-concello, é perniciosa e por desgraza non se está a romper neste momento.

Quere facer un apunte con respecto ás sentenzas, certamente hai un debate no que se podería entrar, un debate político de fondo sobre cuestións concretas.

Cre que sobre o tema do parque de bombeiros, poderían ter moito que falar, e posiblemente podería ser o pleno de hoxe momento ou non para falar.

Quere facer unha reflexión de fondo con respecto ás sentenzas, sen xustificar absolutamente nada.

O que di, é que quen goberna ten que tomar decisións, e hai decisións que son susceptibles de ter interpretación contraria por parte da xustiza, e para el iso non quere dicir que sexan decisións erróneas.

Dilles que este grupo de goberno tomou algunha decisión, por certo respaldada polo BNG, que hai tribunais que entenden que están mal tomadas, e van ter consecuencias económicas, e haberá decisións deste goberno, non lle cabe ningunha dúbida, que terán que pagar gobernos sucesivos.

Don Rubén Cela entende que todo iso entra dentro do ADN do funcionamento das administracións públicas. Os concellos son administracións que son continuadas no tempo, e todos/as os/as concelleiros/as están aquí de paso, e haberá actuacións mellores ou peores e iso é o que entra no debate político, xustificadas ou non xustificadas, que levan parellas consecuencias e sentenzas coas que nalgúns casos se estará de acordo e outros casos nos que sen estar de acordo terán que asumir consecuencias económicas.

A continuación di que eles poden estar seguros cun proceso de remunicipalización é perfectamente correcto, e que veñan os tribunais e digan que non, e que iso teña consecuencias económicas no futuro.

Prosegue a dicir que el esta disposto a cousas que cre que son xustas facelas e incluso a sabendas de que poden ter interpretacións xurídicas diferentes.

E estaría disposto tamén a ter interpretacións, pon como exemplo, a taxa de reposición de efectivos neste concello diferentes, a sabendas que poden ter sentenzas xudiciais contraditorias.

En calquera caso, cre, que sen xustificar en absoluto cuestións coas que poden ter interpretacións diferentes, o tema das sentenzas, non vai dicir que entra dentro da normalidade e moito menos nas contías que el cre que son absolutamente elevadísimas, e como dicía a concelleira para un orzamento relativamente pequeno, non son menores.

En calquera caso, hai unha parte da interpretación por parte da concelleira, que tamén se omite, porque unha parte importante destes dous expedientes é para o pagamento de sentenzas xudiciais, outra parte moi importante para amortización anticipada de débeda, que como comentou o concelleiro do Partido Popular, noutras circunstancias podería aplicarse para investimento, e incluso, se previamente estivera executado non habería ese problema.

Don Francisco Reyes Santiás, dille ao grupo de goberno que para eles o pleno vai diso, que non poden xestionar, non poden resolver os problemas da cidade, non poden cumprir o programa electoral, porque trinta anos doutros gobernos que non eran Compostela Aberta, impiden que xestionen.

Dille que iso non é certo, en 2015 de cada 100 euros de investimento, non executaron, non investiron 73 euros, e non tiveron nada que ver as sentenzas. Foi a incapacidade de xestionar, de investir, de gobernar, e de resolver os problemas desta cidade.

Insiste, que as sentenzas non tiveron nada que ver.

A continuación, o Sr. Reyes, que el non ten ningún inconveniente en falar de sentenzas, para comezar porque vostedes comezan a formar parte dos gobernos que toman decisións e que teñen sentenzas contrarias, exemplo moi recente, a sentenza da xerente de Incolsa, os/as veciños/as de Santiago van ter que pagar neste caso corenta e catro mil euros, por ser despedida a xerente de maneira improcedente, iso é o que di a xuíza, de maneira improcedente.

Segue a dicir, que pasa o mesmo co do prezo do gasóleo, iso tamén se lles apunta ao grupo de goberno, porque presupostan e interpretan o contrato exactamente igual que os gobernos anteriores, polo tanto, a sentenza lles implica a vostedes.

Non vai entrar, o señor Reyes, en quen propuxo os letrados para a asesoría xurídica, e se os letrados o fixeron mellor ou peor. O que si que lle vai entrar, xa que a señora Rozas non contestou a súa pregunta, e pregúntalle porque non traen a este pleno o pagamento dos intereses da sentenza do parque de bombeiros, que xa a coñecen dende xuño, segue a dicir, que o grupo de goberno necesita que no próximo modificativo de crédito que traian para pagar facturas no caixón ou deslizadas ou ben para facer cousas que non estaban presupostadas, necesitan volver a meter unha sentenza de anos anteriores, para xustificar o expediente modificativo de crédito, e dicir, que non é responsabilidade súa.

Quere recórdalle ao grupo de goberno, que todo isto é o máis puro estilo de Gerardo Conde Roa, que era o que facía.

Estiveron a ver sentenzas no caixón durante non sabe canto tempo para xustificar a non xestión por parte daquel alcalde.

Dille a concelleira que fala do 45% de investimento produtivo, e que o 51% o di a propia concelleira e o reafirma é para amortización de débeda, e dille que eses cartos eran necesarios para metelos no proceso produtivo da cidade para xerar riqueza e emprego, e iso non o fixeron, porque non foron quen de executar, non foron quen de gastar, non é un problema das sentenzas herdadas.

Por último, dille a concelleira, que non diga que intervención di que favorablemente o último expediente, e vaille ler o que di intervención: “non procede a utilización como dispoñible da contía de 47.661 euros, por ser necesario previamente un acordo administrativo expreso de resolución do contrato asinado en data 19 de decembro de 2006.”.

Di, que está a dicir o informe, que para poder aprobar este expediente tal e como o traen ao pleno, é necesario previamente resolver o contrato.

O Sr. Reyes, vólvelle a preguntar aos habilitados nacionais, se pode aprobar o expediente condicionado ao que di o informe.

Intervén seguidamente, **Don Manuel Martínez Varela**, en representación do grupo municipal do Partido Popular, di que vai ser moi breve, simplemente quere facer dúas puntualizacións.

Primeiro púxose de manifesto que pasamos por riba no que é o tema das sentenzas, pero parece que é a primeira vez que veñen sentenzas a este concello, cando isto leva a acontecendo toda a vida, e toda a vida se xestionou facendo fronte a imprevistos, e por iso a propia lei xa se establece a necesidade de ter un fondo de continxencias.

Quere facer un par de puntualizacións.

Con respecto a sentenza dos letrados do concello, si que é curioso se acudimos á sentenza, a mesma di textualmente “con respecto á factura 314 fronte as pretensións dos letrados da contía di non resulta procedente o importe da factura xirada, neste caso para o abono dos servizos prestados polo recorrente, os honorarios correspondentes débense de fixar de acordo cos criterios orientativos en materia de honorarios do colexio de avogados”, e rebaixouse o importe factura, moi pouco pero foi rebaixado. Todo isto quere dicir, que algo que si que había neste tipo de actuacións, e el pregúntase de si cando se fixeron os pagos de facturas que había en relación con estes letrados, comprobouse se cumprían, porque hai que ter en conta, que o contrato que había da asesoría xurídica, un contrato de asesoría xurídica declarouse nulo polos tribunais, e o que ven a dicir esta sentenza é que se estaban facturando cousas por enriba do que eran os honorarios do colexio de avogados.

En segundo lugar, con respecto ao tema da sentenza de EXTRACO, unido a mesma tamén ven, que se estima parcialmente o que pide a empresa, porque foi a empresa a que foi aos tribunais, e na propia sentenza sinálase que non procede o pago de intereses de demora polas contías do IVE porque a empresa non as abonou. Cren que a empresa recorreu con posterioridade e comunicouse agora, ao parecer a sentenza chegou onte, e aínda non houbo tempo a saber o contido da mesma, ou sexa, que fronte ás pretensións da empresa o propio tribunal rebaixou esas pretensións, e hai que ter en conta unha cousa, quere lembrar, que este tipo de actuacións cando o concello se negou a pagalas, porque entendía que eran prexudiciais para o concello dende novembro de 2008 a marzo de 2011, non se lle pagou a esta empresa, nin se tomou ningún tipo de determinación, por iso a empresa foi ao xulgado, e cando se devolveu foi en base a informes técnicos, informes técnicos aos que agora en parte a sentenza dálles a razón, porque se establecen contías menores, e todo isto a resultas do que diga a última sentenza que chegou onte que a descoñecen.

A primeira sentenza si que dicía os intereses polo IVE non lle proceden, que era unha das pretensións da empresa, e iso si que son aforros para o concello.

Di, que o seu grupo tamén tivo que facer fronte a sentenzas cando entraron de exercicios anteriores, e como foi dito por parte dos portavoces do Partido Socialista e BNG, xestionar é iso, poderá gustar ou non, pero ás veces os/as técnicos/as municipais teñen

uns criterios, as empresas outros, e é un xuíz o que ten que decidir, e ás veces dálle a razón aos técnicos e ás veces non.

O Sr. Alcalde, fai uso da palabra, para dicirlle ao señor Reyes, que como interpela varias veces aos habilitados, dille que hai dous informes de intervención que son favorables coas observacións que alí figuran, e el cre, que independentemente de que o procedemento non fose o máis axeitado en tempo, se o que pretende é cuestionar ou poñer unha sombra de dúbida sobre os acordos aquí adoptados, el cre, que os informes están aí para ser lidos.

Quere dicir algo, moi brevemente, e por alusións, e sen ánimo de polemizar xa que se abriron determinadas cuestións, pois el quere dar algunha contestación.

A reflexión que facía Rubén que o señor alcalde pode compartir parcialmente, gobernar significa tomar decisións, estas poden ter consecuencias xurídicas e incluso cargas para os/as veciños/as, di que parcialmente iso o pode entender, e cre que ningún goberno queda exento que lle poidan chegar sentenzas con cargas económicas negativas por decisións adoptadas.

El cre, que hai decisións e decisións, o exemplo que poñía o Sr. Rubén, da remunicipalización dos servizos, ou outro tipo de decisións que poden traer sentenzas que anulen eses acordos e con carga económica.

Di, que no caso do parque de bombeiros, estase a falar dunha obra certificada e non abonada, cre que isto é bastante diferente, sentenzas por decisións no político que poidan ser gravosas para o concello, con sentenzas por obras feitas e certificadas polos propios técnicos do Concello e dende o ano 2008, non abonadas.

Tamén lle di ao señor Reyes, que isto o pagan os/as cidadáns/as, e di que ao goberno lle entra a presa porque hai que pagalo todo, pero el dille, que non lles entrou a presa no ano 2008, onde houbo moitas solicitudes da propia empresa para que foran abonadas esas obras certificadas.

Dille, así mesmo o Sr. Alcalde ao señor Reyes, que están pendentes dunha sentenza definitiva que aínda que está notificado o tema dos intereses e do IVE, pero que aínda non saben a natureza da sentenza, non a saben.

Recórdalle que houbo moito tempo para ter pagado todo isto, el entende que cada un fixe as posicións políticas que considere, pero entende que hai algunhas valoracións que non lle deixan de sorprender.

As sentenzas non deixan de ser unha carga financeira para o concello, e a contía das mesmas cre o señor Alcalde que é bastante elevada, tendo en conta que hoxe se trae un modificativo dun millón de euros, pero que ao longo do ano van ter que facer fronte, e xa se fixo parcialmente fronte, a unha carga económica de máis de tres millóns de euros, estase a falar de preto dun 3,5% do orzamento ordinario.

Se pensan que iso é cortina de fume, di que o goberno estaría moito máis tranquilo se non tiveran que abonar todos eses fondos.

Tamén lle di ao señor Reyes, por alusións, que a sentenza de Incolsa esta recorrida, e así mesmo dille, que non lle obrigue a entrar no fondo da sentenza de Incolsa, porque que se lle recoñeza a unha persoal parcialmente o que é unha reclamación xudicial vindo a dicir que non facía as labores de alta dirección cando era xerente da empresa, el cre que é bastante cuestionable, e abrir unha porta de entrada pola porta de atrás, para a función pública tamén, pero a xustiza acabara falando de maneira definitiva.

Con respecto á amortización de débeda, di o Sr. Alcalde, que pode ser cuestionable o enfoque de si tería que ir máis a investimentos, dilles, que todos/as son conscientes do grao de execución no capítulo de investimentos, cre que este ano, preto do 50% se destinou a remanentes, e a execución está a ser moi boa.

E cando os grupos da oposición lle din ao goberno que de 100 euros hai 72 euros que no non executan, dilles que miren o histórico do concello, a segunda mellor marca nos últimos anos, e tamén lles di que non están orgullosos, e que este concello governe quen governe ten un problema na execución de investimentos e nos circuitos de execución, e que haberá que intentar subsanar todo isto.

O Sr. Alcalde, da por rematado o debate, e di que se pasa a votación dos puntos, por separado.

Rematado o debate, visto o informe proposta transcrito, máis o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas do día de hoxe, o Pleno da Corporación, por 10 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, e 13 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (8 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2016-SUPLE-03, cun monto global dun millón vinte e nove mil catrocentos cincuenta e tres euros con corenta e seis céntimos de euro (1.029.453,46 euros).

Este expediente que incorpora cinco asuntos, terá o seguinte detalle:

A)Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

1.- Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 030/01100/91300 por un importe de 494.403,29 euros co obxecto de amortizar anticipadamente o préstamo de ABANCA co código 388-3-6 financiado cos fondos procedentes da nova operación de préstamo formalizada coa Deputación Provincial da Coruña baixo o seu plan PAI 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE INGRESO	IMPORTE
Habilitación de crédito para amortización anticipada de débeda do Concello (préstamo de ABANCA formalizado o 11/02/2000 co código 388-3-6)	030 01100 91300	494.403,29	SC	Financiamento procedente da concesión do préstamo da Deputación Provincial da Coruña baixo o programa do Plan de Aforro e Investimento (PAI)	91100	494.403,29
GASTO CAPÍTULO 9		494.403,29		INGRESO CAPÍTULO 9		494.403,29

2.- Habilitación de suplemento de crédito ao organismo autónomo Auditorio de Galicia a través da aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 040/33000/41000 por un importe de 80.000,00 euros co obxecto de para dar cobertura ao pagamento de facturas neste exercicio económico de servizos recibidos, sen que poida demorarse ao próximo por se tratar de obrigas derivada de compromisos de gasto adquiridos en exercicios anteriores realizado a prezos de mercado no seu día, para os que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable o consignado no Orzamento do Auditorio de Galicia do exercicio 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO QUE RECIBE CRÉDITO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	BAIXA DE CRÉDITO DISPOÑIBLE NAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE GASTO	IMPORTE
Necesidade de crédito para gasto corrente de Auditorio de Galicia	040 33000 41000	80.000,00	SC	Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 030 01100 31000 nun importe de 40.000,00 €	070 01100 31000	40.000,00
				Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 24100 22606 nun importe de 24.704,00 € (achega mpal. do EDUSI)	070 24100 22606	24.704,00
				Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 020 23100 22699 nun importe de 15.296,00 € (achega mpal. do EDUSI)	020 23100 22699	15.296,00
GASTO CAPÍTULO 4		80.000,00		BAIXAS DE CRÉDITO DISPOÑIBLE EN APLICACIÓNS DE GASTO		80.000,00

3.- Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 060/44110/47900 por un importe de 143.500,50 euros co obxecto de dar cobertura ao pagamento das liquidación recibidas do ano 2015 pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros das empresas “Hermanos Ferrín” e “Autos Grabanxa”, sen que poida demorarse o seu pagamento ao próximo exercicio por se tratar dunha obriga derivada dun compromiso de gasto adquirido en exercicios anteriores realizado a prezos de mercado no seu día, para os que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable o consignado no Orzamento xeral do Concello do exercicio 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO QUE RECIBE CRÉDITO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	BAIXA DE CRÉDITO DISPONIBLE NAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE GASTO	IMPORTE
Liquidacións ano 2015 das empresas "Hermanos Ferrín" e "Autos Grabanxa" en relación á prestación do servizo de Transporte colectivo urbano de viaxeiros sen consignación de crédito no exercicio 2016, correspondente ao CX 10	060 44110 47900	143.500,50	SC	Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 030 93100 22706 nun importe de 70.000,00 €	030 93100 22706	70.000,00
				Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 060 13300 22701 por 73.500,00 €	060 13300 22701	73.500,50
GASTO CAPÍTULO 4		143.500,50		BAIXAS DE CRÉDITO DISPONIBLE EN APLICACIÓNS DE GASTO		143.500,50

4.- Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 010/92000/22604 por un importe de 112.381,69 euros co obxecto de dar cobertura ao pagamento da sentenza estimatoria firme de 8 de marzo de 2016 (registro de entrada no Concello nº 12353 de 11/03/2016) nº 11/2016 (P.O. 212/2015) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago recaída a favor do letrado Carlos González-Concheiro Álvarez, sen que poida demorarse o seu pagamento ao próximo exercicio por se tratar dunha obriga derivada da execución dunha sentenza xudicial firme, para o que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable ao non teren consignación no Orzamento xeral do Concello do exercicio 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO QUE RECIBE CRÉDITO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	BAIXA DE CRÉDITO DISPOÑIBLE NAS APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DE GASTO	IMPORTE
Sentenza nº 11/2016 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago recaída no PO 212/2015 a favor de CARLOS GONZÁLEZ-CONCHEIRO ALVÁREZ - Honorarios de servizos profesionais de asesoría xurídica ao Concello	010 92000 22604	112.381,69	SC	Aplicación do Fondo de Continxencia co crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 030 92900 50000	030 92900 50000	100.000,00
			SC	Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 23102 22699 nun importe de 4.000,00 € (achega mpal. do EDUSI)	070 23102 22699	4.000,00
				Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 23102 22706 nun importe de 1.053,69 € (achega mpal. do EDUSI)	070 23102 22706	1.053,69
			SC	Baixas por anulación da aplicación orzamentaria 070 24100 22606 nun importe de 7.328,00 € (achega mpal. do EDUSI)	070 24100 22606	7.328,00
GASTO CAPÍTULO 4		112.381,69		APLICACIÓN DO FONDO DE CONTINXENCIA E BAIAS DE CRÉDITO DISPOÑIBLE EN APLICACIÓNS DE GASTO CORRENTE		112.381,69

5.- Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 060/13600/62200 incluída no proxecto de gasto 2006/2/BOMB/7 por un importe de 693.571,27 euros co obxecto de dar cobertura ao pagamento da sentenza estimatoria firme de 29 de xuño de 2016 nº 297/2016 (P.O. 515/2013) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago recaída a favor da entidade mercantil Extraco, Construcións e Proxectos S.A. en relación á reclamación de abono da certificación nº 5, de liquidación, do contrato de obras de construción dun edificio para o novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños, sen que poida demorarse o seu pagamento ao próximo exercicio por se tratar dunha obriga derivada da execución dunha sentenza xudicial firme, para o que o crédito orzamentario é insuficiente ou non ampliable ao non teren consignación no Orzamento xeral do Concello do exercicio 2016. O detalle desta proposta sería:

DENOMINACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO	PROXECTO	IMPORTE	TIPO MC	FINANCIAMENTO	APLICACIÓN	PROXECTO	IMPORTE
Sentenza 297/2016 recaída no PO 515/2013 a favor de Extraco, Construcción e Proxectos S.A. - Certificación nº 5, de liquidación, do Contrato de execución das obras de construción dun edificio para o novo Parque Comarcal de Bombeiros en Salgueiriños	060 13600 62200	2006 2 BOMB 7	693.571,27	SC	Aplicación do Remanente de tesourería afectado, ao non estar incorporado o proxecto no 2016, do proxecto 2014-2-FONTI-48 nun importe de 400.000,00 €		2014 2 FONTI 48	400.000,00
					Baixas por anulación do proxecto 2014-2-CHURU-53 nun importe de 70.000,00 € con cambio de finalidade	050 15100 61900	2014 2 CHURU 53	70.000,00
					Baixas por anulación do proxecto 2015-2-INNOV-25 nun importe de 21.396,21 €, con cambio de finalidade	070 43200 62600	2015 2 INNOV 25	21.396,21
					Baixas por anulación do proxecto 2015-2-INNOV-25 nun importe de 64.188,64 €, con cambio de finalidade	070 43200 64100	2015 2 INNOV 25	64.188,64
					Aplicación do Remanente de tesourería afectado incorporados no exercicio 2013 ao proxecto de gastos 2013-8-EXCES-13		2013 8 EXCES 13	18.615,21
					Aplicación do Remanente de tesourería afectado incorporados no exercicio 2014 ao proxecto de gastos 2014-8-EXCES-14		2014 8 EXCES 14	16.329,26
					Aplicación do Remanente de tesourería afectado incorporados no exercicio 2015 ao proxecto de gastos 2015-8-EXCES-15		2015 8 EXCES 15	27.096,80
					Maiores ingresos afectados procedentes do proxecto 2015-2-OPAS-15 non incorporados no 2016 por un importe de 5.573,87 €		2015 2 OPAS 15	5.573,87
					Aplicación do Remanente de tesourería afectado, ao non estar incorporado o proxecto no 2016, do proxecto 2007-2-ENSAN-34 nun importe de 47.611,98 €		2007 2 ENSAN 34	47.611,98
					Baixas por anulación do proxecto 2016-3-EDUSI-19 nun importe de 14.000,00 €, con cambio de finalidade	010 16220 64100	2016 3 EDUSI 19	14.000,00
					Baixas por anulación do proxecto 2016-3-EDUSI-20 nun importe de 8.759,30 €, con cambio de finalidade	010 16300 64100	2016 3 EDUSI 20	8.759,30
GASTO CAPÍTULO 6			693.571,27	BAIXAS DE CRÉDITO DISPONÍBLE EN APLICACIÓNS DE GASTO DE PROXECTOS DE INVESTIMENTO				693.571,27

B) Financiamento:

1.Baixas por anulación: **514.226,34 euros**
2.Remanente de Tesourería para Gastos Xerais: **515.227,12 euros**

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
-----------	---------

1.- Total suplemento de crédito.....	1.029.453,46 euros
2.- Financiamento	
d) Novos ingresos.....	
e) Baixas por anulación.....	514.226,34 euros
f) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	515.227,12 euros

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 1.029.453,46 euros

SEGUNDO: Expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o acordo inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

3. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2016-SUPLE-02 CON BASE NO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO CONSOLIDADO DO CONCELLO AÍND A NON APLICADO DO ANO 2015 E CON DESTINO Á AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO VIXENTES E OUTRAS APLICACIÓNS DE CARÁCTER OBRIGATORIO EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 32 DA LOEP E DISP. ADICIONAL 16ª DO TRLFL 2/2004, FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO ANO 2015 POR IMPORTE DE 1.253.649,56 EUROS.

O informe-proposta emitido polo técnico da oficina de orzamento con respecto ao presente asunto, que trae o conforme da concelleira delegada de economía e facenda, de data 28 de novembro de 2016 ten o seguinte contido:

“I. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

O art. 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, dispón:

“ 32 Destino do superávit orzamentario

1.No caso de que a liquidación orzamentaria sitúese en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de

endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda. (...)

3. A efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea.”

A Disposición adicional sexta da propia Lei 2/2012, orgánica de estabilidade, relativa a

“Reglas especiales para o destino do superávit orzamentario, establece ao efecto:

1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:

a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, si fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de « Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento », ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigas citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantívésese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional en dito exercicio 2014.

c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivera un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento sexa financeiramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan calificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumplan co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumplan co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante a Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á coxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.”

II. FEITOS.

A liquidación do exercicio 2015 do Orzamento Xeral do Concello presentou superávit orzamentario consolidado cun saldo de Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLT para GX) de 5.477.427,67 €.

En acordo plenario de 29 de xullo de 2016, aprobouse inicialmente un expediente modificativo de crédito –crédito extraordinario (2016-CREXT-01) e suplemento de crédito (2016-SUPLE-01)– que entrou en vigor, ao non terse recibidas reclamacións, despois da súa publicación no BOP nº 161 de 25 de agosto de 2016, onde se acordou a aplicación efectiva de **4.021.445,84 €** do montante total do superávit, quedando a espera dunha toma de decisión en relación á aplicación do saldo restante do RLT para GX co obxecto de garantir a capacidade de financiamento do Concello (estabilidade orzamentaria) a 31/12/2016 e sen prexuízo dunha análise posterior con base na evolución da execución orzamentaria ao longo do presente exercicio 2016.

Por outra banda, e antes de aprobar a aplicación efectiva do saldo do superávit orzamentario consolidado do Concello, e con base ao recollido no informe da

interventora xeral relativo ao destino do superávit do Concello do ano 2015 (**informe número 286/2016 de 30 de xuño de 2016**), compre minorar este saldo polo importe das contías aplicadas no ano 2015 a investimentos financeiramente sostibles con base no superávit do ano 2014 e que chegaron a fase AD a 31/12/2015 ao seren de incorporación obrigatoria de remanentes de crédito. Neste sentido, e así o recolle o propio informe de intervención antedito, existía un saldo de AD de 202.332,27 euros que foi obxecto de incorporación obrigatoria a través do expediente modificativo de crédito 2016-INCOR-01, que minora o saldo final de superávit orzamentario consolidado do Concello establecido finalmente en **1.253.649,56 euros**.

Feita esta análise previa, e tendo en conta a data na que se tramita este expediente de modificación de crédito, resulta necesaria a aprobación plenaria da aplicación efectiva do saldo existente de superávit orzamentario consolidado do Concello do exercicio 2015, seguindo os criterios e orde de aplicación establecidos na DA 6ª da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**.

1º.Segundo o establecido na DA 6ª da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**, e seguindo o recollido no propio informe da intervención xeral á liquidación do Orzamento Xeral do Concello do exercicio 2015, en primeiro lugar o superávit orzamentario debería ter como aplicación o de atender as obrigas e pagos pendentes de aplicar ao orzamento e cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago a acredores contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior. Neste sentido, o expediente modificativo de crédito xa aprobado e tramitado recollía a aplicación efectiva do saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do Concello a 31/12/2015 (facturas en situación de OPA contabilizadas na aplicación non orzamentaria 413 por importe de 173.145,57 euros) e o saldo de pagos pendentes de aplicar ao orzamento do Concello a 31/12/2015 (pagos en conta contabilizados na aplicación non orzamentaria 400 por importe de 10.987,34 €).

Por outra banda, e segundo se recollía no informe da interventora xeral relativo ao destino do superávit do Concello do ano 2015 (**informe número 286/2016 de 30 de xuño de 2016**), quedaría por aplicar o saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do Auditorio de Galicia a 31/12/2015 (facturas en situación de OPA contabilizadas na aplicación non orzamentaria 413) por un importe de 39.992,76 euros, e o saldo de pagos pendentes de aplicar ao orzamento do Auditorio de Galicia a 31/12/2015 (pagos en conta contabilizados na aplicación financeira 5550 baixo o concepto 40001) por un importe de 4.153,86 euros.

Polo antedito, resulta necesario, habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, suplemento de crédito a aplicación orzamentaria 040/33000/41000, por unha contía final de **44.146,62 €** para dar cobertura ao saldo de obrigas pendentes de aplicar

ao orzamento do Auditorio de Galicia a 31/12/2015 (facturas en situación de OPA contabilizadas na aplicación non orzamentaria 413) por un importe de 39.992,76 euros, e para dar cobertura ao saldo de pagos pendentes de aplicar ao orzamento do Auditorio de Galicia a 31/12/2015 (pagos en conta contabilizados na aplicación financeira 5550 baixo o concepto 40001) por un importe de 4.153,86 euros.

2º.Seguindo o establecido na DA 6ª da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**, e seguindo o recollido no propio informe da intervención xeral á liquidación do Orzamento Xeral do Concello do exercicio 2015, en segundo lugar o superávit orzamentario debería destinar como mínimo, unha porcentaxe do RLT para GX para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes e que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit.

Neste sentido, e toda vez que xa se fixo efectiva a aplicación do superávit orzamentario do ano 2015 con destino ao financiamento de investimentos financeiramente sustentables no expediente modificativo de crédito –crédito extraordinario (2016-CREXT-01) e suplemento de crédito (2016-SUPLE-01)– por unha contía final de 2.190.400,98 euros, compre destinar o saldo restante deste superávit a amortizar operacións de endebedamento vixentes do Concello.

Deste xeito, é necesario aplicar como **suplemento de crédito** na aplicación **030/01100/91300** unha contía final de **1.209.502,94 euros**.

III. PROPOSTA

Logo de ver que a liquidación do exercicio 2015 do Orzamento Xeral do Concello presentou un superávit orzamentario cun saldo de Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLT para GX) consolidado do Concello de 5.477.427,67 €.

Tendo en conta que o Concello de Santiago xa aprobou e tramitou un primeiro expediente modificativo de crédito de aplicación efectiva parcial do superávit orzamentario do ano 2015 -crédito extraordinario (2016-CREXT-01) e suplemento de crédito (2016-SUPLE-01)– por unha contía de **4.021.445,84 €**, co seguinte detalle resumido:

Vista a necesidade de minorar o importe final do superávit nunha contía de 202.332,27 euros con base na incorporación obrigatoria de remanentes de crédito polo importe das contías aplicadas no ano 2015 a investimentos financeiramente sustentables, con base no superávit do ano 2014, e que chegaron a fase AD a 31/12/2015.

Verificado que neste expediente de modificación de crédito de aplicación do RLT para GX do exercicio 2015 segue para o seu uso as prioridades emanadas da DA 6ª da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**, e as directrices establecidas no propio informe da intervención xeral á liquidación do Orzamento Xeral do Concello do exercicio 2015.

Logo de ver que o carácter específico e determinado dos gastos a realizar e que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte.

De conformidade co establecido nos artigos 12 e 13 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2016, e, de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPONSE que pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, se propoña á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2016-SUPLE-02 con destino, en primeiro lugar, á habilitación de crédito ao organismo autónomo Auditorio de Galicia por unha contía global de 44.146,62 euros, aplicación contable 040/33000/41000, co obxecto de dar cobertura á aplicación do saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do seu orzamento a 31/12/2015 (facturas en situación de OPA contabilizadas na aplicación non orzamentaria 413 por un importe de 39.992,76 euros), e ao saldo de pagos pendentes de aplicar ao seu orzamento a 31/12/2015 (pagos en conta contabilizados na aplicación financeira 5550 baixo o concepto 40001 por un importe de 4.153,86 euros), e en segundo lugar, destinar o saldo restante á amortización de operacións de endebedamento vixentes do Concello por un importe de 1.209.502,94 euros, financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2015 por un importe global de **1.253.649,56 euros**.

Este expediente terá o seguinte detalle:

B)Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

1.- Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 040/33000/41000 por un importe de 44.146,62 euros financiado con RLT para GX do exercicio 2015, para dar cobertura á aplicación do saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do Auditorio de Galicia a 31/12/2015 (facturas en situación de OPA contabilizadas na aplicación non orzamentaria 413 por un importe de 39.992,76 euros), e ao saldo de pagos pendentes de aplicar do

Auditorio de Galicia a 31/12/2015 (pagos en conta contabilizados na aplicación financeira 5550 baixo o concepto 40001 por un importe de 4.153,86 euros):

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
Habilitación de crédito ao Auditorio de Galicia para atender o saldo das súas facturas en situación de OPA contabilizadas na aplicación orzamentaria 413 a 31/12/2015 por importe de 39.992,76 € e para atender os seus pagos pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas na aplicación financeira 5550 baixo o concepto 40001 a 31/12/2015 por importe de 4.153,86 €	4	040 33000 41000	23	SC	44.146,62
GASTO TOTAL CAPÍTULO 4					44.146,62
TOTAL HABILITACIÓN DE CRÉDITO AO AUDITORIO DE GALICIA					44.146,62
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EJERCICIO 2015					

2.- Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello 030/01100/91300 por un importe de 1.209.502,94 euros financiado con RLT para GX do exercicio 2015, para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes no Concello:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
Amortización de endebedamento municipal. Serán, con posterioridade a aprobación do expediente de modificación de crédito, os servizos económicos municipais os que farán a selección de préstamos a amortizar que resulten máis favorables para o Concello	9	030 01100 91300	01	SC	1.209.502,94
GASTO TOTAL CAPÍTULO 9					1.209.502,94
TOTAL AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO					1.209.502,94
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EJERCICIO 2015					

B)Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: **1.253.649,56 euros**

C)Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
-----------	---------

1.- Total suplemento de crédito.....	1.253.649,56 euros
2.- Financiamento	
g) Novos ingresos.....	
h) Baixas por anulación.....	
i) Remanente Líquido de tesourería afectado a gastos xerais	1.253.649,56 euros

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 1.253.649,56 euros

SEGUNDO: expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Consta, así mesmo, no expediente informe de intervención, núm. 775/2016, de data 29 de novembro, e acordo da Xunta de Goberno Local da mesma data.

Xa que logo, visto o informe proposta transcrito, máis o ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas do día de hoxe, o Pleno da Corporación, por 10 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, e 13 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e BNG (8 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2016-SUPLE-02 con destino, en primeiro lugar, á habilitación de crédito ao organismo autónomo Auditorio de Galicia por unha contía global de 44.146,62 euros, aplicación contable 040/33000/41000, co obxecto de dar cobertura á aplicación do saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do seu orzamento a 31/12/2015 (facturas en situación de OPA contabilizadas na aplicación non orzamentaria 413 por un importe de 39.992,76 euros), e ao saldo de pagos pendentes de aplicar ao seu orzamento a 31/12/2015 (pagos en conta contabilizados na aplicación financeira 5550 baixo o concepto 40001 por un importe de 4.153,86 euros), e en segundo lugar, destinar o saldo restante á amortización de operacións de endebedamento vixentes do Concello por un importe de 1.209.502,94 euros, financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2015 por un importe global de **1.253.649,56 euros**.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A)Habilitación SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

1.- Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello de Santiago 040/33000/41000 por un importe de 44.146,62 euros financiado con RLT para GX do exercicio 2015, para dar cobertura á aplicación do saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento do Auditorio de Galicia a 31/12/2015 (facturas en situación de OPA contabilizadas na aplicación non orzamentaria 413 por un importe de 39.992,76 euros), e ao saldo de pagos pendentes de aplicar do Auditorio de Galicia a 31/12/2015 (pagos en conta contabilizados na aplicación financeira 5550 baixo o concepto 40001 por un importe de 4.153,86 euros):

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
Habilitación de crédito ao Auditorio de Galicia para atender o saldo das súas facturas en situación de OPA contabilizadas na aplicación orzamentaria 413 a 31/12/2015 por importe de 39.992,76 € e para atender os seus pagos pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas na aplicación financeira 5550 baixo o concepto 40001 a 31/12/2015 por importe de 4.153,86 €	4	040 33000 41000	23	SC	44.146,62
GASTO TOTAL CAPÍTULO 4					44.146,62
TOTAL HABILITACIÓN DE CRÉDITO AO AUDITORIO DE GALICIA					44.146,62
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EJERCICIO 2015					

2.- Habilitación de suplemento de crédito na aplicación orzamentaria do Concello 030/01100/91300 por un importe de 1.209.502,94 euros financiado con RLT para GX do exercicio 2015, para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes no Concello:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
--------------	------	------------	----	---------	---------

Amortización de endebedamento municipal. Serán, con posterioridade a aprobación do expediente de modificación de crédito, os servizos económicos municipais os que farán a selección de préstamos a amortizar que resulten máis favorables para o Concello	9	030 01100 91300	01	SC	1.209.502,94
GASTO TOTAL CAPÍTULO 9					1.209.502,94
TOTAL AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO					1.209.502,94
FINANCIAMIENTO RLT para GX DO EJERCICIO 2015					

C) Financiamento:

1.- Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais: **1.253.649,56 euros**

D) Resumen:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total suplemento de crédito.....	1.253.649,56 euros
2.- Financiamento	
j) Novos ingresos.....	
k) Baixas por anulación.....	
l) Remanente Líquido de tesorería afectado a gastos xerais	1.253.649,56 euros

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 1.253.649,56 euros

SEGUNDO: Expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o acordo inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-presidente a da por finalizada sendo as 10:33 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,
Martíño Noriega Sánchez

O secretario do pleno,
Francisco Javier Castiñeira Izquierdo